



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de febreiro de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte de febreiro de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira Sra Aguiar Castro ata a incorporación no punto 9 da Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(100).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(101).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LICENCIAS SISTEMA INCLUSIVO DE AXUDA Á CONSULTA DE INFORMACIÓN EN SOPORTES URBANOS (QR INVIDENTES). EXPTE. 10771/113.

Visto o informe xurídico do 11/02/2026 e o informe de fiscalización do 12/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 06/02/2026, asinado polo xefe do

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 1 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 14/08/2025 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro dun sistema de marcadores visuais (códigos de cores) e unha aplicación móbil, e os servizos complementarios necesarios, que actúen conxuntamente como un avanzado sistema de orientación e acceso á información para persoas con discapacidade visual, que proverá dun mínimo de 190 códigos e a posibilidade de ampliar ese número segundo necesidades.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 14/08/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 06/11/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 06/11/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 02/12/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 13/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 20/01/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 06/02/2026.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 2 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 14/08/2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministros.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria con múltiples criterios de valoración, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 3 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro dun sistema de marcadores visuais (códigos de cores) e unha aplicación móbil, e os servizos complementarios necesarios, que actúen conxuntamente como un avanzado sistema de orientación e acceso á información para persoas con discapacidade visual, que proverá dun mínimo de 190 códigos e a posibilidade de ampliar ese número segundo necesidades, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 14/08/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 06/11/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 06/11/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 02/12/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 13/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 20/01/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 06/02/2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **37.275,00 €**, que inclúe un IVE de 6.469,21 €, dende o 1 de marzo de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 4 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Exercicio	Concepto	Partida/ Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2026	LICENCIAS DE PRO- DUCTOS INFORMÁTI- COS	9207.2090000	30.805,79 €	6.469,21 €	37.275,00 €
Total			30.805,79 €	6.469,21 €	37.275,00 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **15.975,00 €**, que inclúe un IVE de 2.772,53 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/ Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2027	LICENCIAS DE PRO- DUCTOS INFORMÁTI- COS	9207.2090000	4.731,40 €	993,60 €	5.725,00 €
2027	MANTEMENTO SOF- TWARE	9207.2279902	8.471,07 €	1.778,93 €	10.250,00 €
Total			13.202,47 €	2.772,53 €	15.975,00€

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(102).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO DOS DISPOSITIVOS E CONSUMIBLES DE IMPRESIÓN ASÍ COMO O SOFTWARE ASOCIADO Á SÚA XESTIÓN. EXPTE. 10846/113.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 10/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 21/11/2025 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro da infraestrutura de impresión corporativa do Concello de Vigo.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 5 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 21/11/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda de datas 21 e 24 de novembro de 2025 respectivamente.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 12/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria económica do contrato de data 19/01/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 19 e 20 de xaneiro de 2026 respectivamente.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 19/01/2026 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 19/01/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.
- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 20/01/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 04/02/2026.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 6 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Municipal mediante resolución de data 21/11/2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministros.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria con múltiples criterios de valoración, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 7 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro dun sistema de marcadores visuais (códigos de cores) e unha aplicación móbil, e os servizos complementarios necesarios, que actúen conxuntamente como un avanzado sistema de orientación e acceso á información para persoas con discapacidade visual, que proverá dun mínimo de 190 códigos e a posibilidade de ampliar ese número segundo necesidades, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 21/11/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda de datas 21 e 24 de novembro de 2025 respectivamente.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 12/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria económica do contrato de data 19/01/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 19 e 20 de xaneiro de 2026 respectivamente.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 19/01/2026 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 19/01/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 20/01/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 04/02/2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **66.985,15 €**, que inclúe un IVE de 11.625,52 €, dende o 1 de agosto de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2026	Renting sistemas de impresión	9207.2060001	55.359,63 €	11.625,52 €	66.985,15 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 8 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente os gasto de **736.836,62 €**, que inclúe un IVE de 127.880,72 €, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2027	Renting sistemas de impresión	9207.2060001	166.078,88 €	34.876,56 €	200.955,44 €
2028	Renting sistemas de impresión	9207.2060001	166.078,88 €	34.876,56 €	200.955,44 €
2029	Renting sistemas de impresión	9207.2060001	166.078,88 €	34.876,56 €	200.955,44 €
2030	Renting sistemas de impresión	9207.2060001	110.719,25 €	23.251,04 €	133.970,30 €
TOTAL			608.955,89 €	127.880,72 €	736.836,62 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(103).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS. EXPTE. 20319/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 11/02/2026, asinado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica Municipal e conformado pola concelleira delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional contencioso-administrativa

1.- Contencioso. Expediente nº 19629/111

Decreto nº 21 do 12 de novembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 371/2025

Demandante/Recorrente: Particular

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 9 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA (danos ocasionados en vehículo por un elevador móvil utilizado para a tala de árbores)
Expte(s): 7615/243

Esta resolución, firme, acorda a desistencia do recurso por parte da demandante e archiva o procedemento.

O expediente de orixe é un de responsabilidade patrimonial por danos causados nun vehículo por un elevador móvil durante labores de corte de árbores.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 19313/111

Sentenza nº 271 do 2 de decembro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 272/2025
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación RPA (choque de vehículo contra xardineira)
Expte(s): 7666/243
Contía: 4.865,58 €

Sentenza firme que desestima o RCA interposto pola aseguradora da condutora do vehículo que chocou cunha xardineira de metal situada na beirarrúa, entre as rúas Zamora e Sevilla, por canto a condutora é responsable da colisión do seu vehículo e non existe nexo causal entre o dano padecido e o anormal funcionamento da Administración demandada.

A sentenza recolle a obriga da condutora de circular coa debida dilixencia, e recoñece que había espazo suficiente para xirar sen invadir a xardineira que se atopaba dentro da beirarrúa e non sobrepasaba a mesma. Polo que desestima o recurso sen expresa imposición de custas.

Reclamaba a cantidade de 4.665,58 euros, en favor da aseguradora e de 200 euros, en concepto de franquía da condutora.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

3.- Contencioso. Expediente nº 19376/111

Sentenza nº 281 do 11 de decembro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 287/2025
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos ao caer coa motocicleta por mor da existencia dunha mancha de aceite)
Expte(s): 7477/243
Contía: 4.158,78 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 10 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

A sentenza, firme, desestima o recurso contra unha desestimación por silencio dunha reclamación de responsabilidade patrimonial, por un accidente de circulación por mor da existencia dunha sustancia esvaradía na calzada.

Considérase que a actuación do Concello foi correcta e non existe antixuridicidade xa que no lugar se realiza unha limpeza xeral e previa ao sinistro que se considera axeitada, a existencia do vertido é imputable a un terceiro descoñecido polo que existe unha ruptura do nexo causal e ademais o Concello cando tivo coñecemento da existencia do vertido procedeu á limpeza inmediata da vía; sen que poida esixirse un mantemento preventivo constante en todas as vías para anticiparse a calquera incidencia que poida ocorrer nelas e sen que conste que a mancha levase tempo no lugar ou que se avisase ao Concello e non tivera actuado.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

4.- Contencioso. Expediente nº 19381/111

Sentenza nº 282 do 11 de decembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 292/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución desestimatoria de reclamación de RPA (danos por caída na rúa)

Expte(s): 6542/243

Contía: 8.243,42 €

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que a caída se produciu nunha zona de obras que estaba sinalizada ao pasar por unha rampla metálica que cumpría as medidas de seguridade (varandas, superficie antiescorregadiza...) e que polo tanto non resulta imputable á Administración.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

5.- Contencioso. Expediente nº 19324/111

Decreto nº 55 do 15 de decembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 273/2025

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo de reclamación de RPA de data 13/09/2024 (furto na vivenda)

Expte(s): 7521/243

O Decreto xudicial acorda ter por desistida á recorrente.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

6.- Contencioso. Expediente nº 19478/111

Sentenza nº 297 do 23 de decembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

S.ord.20/02/2026



Abreviado: 308/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 16/06/2025 desestimatoria de reclamación de RPA (danos ao caer co seu vehículo de mobilidade persoal)

Expte(s): 7035/243

Contía: 25.843,11 €

A sentenza desestima o recurso interposto pola recorrente contra a desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos padecidos (25.843,11 euros) como consecuencia da caída padecida cando circulando nun VMP de noite e pola beirarrúa, caeu sobre a calzada ao baixar da beirarrúa polo desnivel existente á altura do número 1 da rúa Gran Vía.

A dinámica da caída quedou acreditada pola testemuña que compareceu no acto da vista, polo que non ten relación a caída cun mal funcionamento do servizo público (defectuoso estado da vía) sendo a causa única a imprudencia da reclamante.

A sentenza, que é firme, condena á recorrente ao pago das custas ata o límite de 200 euros.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio.

7.- Contencioso. Expediente nº 19461/111

Sentenza nº 2 do 8 de xaneiro de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 334/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos por caída na vía pública)

Expte(s): 7646/243

Contía: 11.423,05 €

A sentenza, firme e sen imposición de custas, desestima o recurso interposto contra a desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos padecidos pola reclamante que ascendían a 11.423,05 euros, logo da caída na rúa Príncipe á altura do número 30. A sentenza razoa que da valoración conxunta da proba se conclúe a ausencia de responsabilidade do Concello na causación do dano: non constan outras caídas neste punto da beirarrúa e o defecto invocado era mínimo.

8.- Contencioso. Expediente nº 19458/111

Sentenza nº 4 do 12 de xaneiro de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 328/2025

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos no edificio por mor de filtracións de auga ao chover)

Expte(s): 7638/243

Contía: 1.720,05 €





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

A sentenza, firme e sen imposición de custas, estima integramente a demanda presentada pola Comunidade de Propietarios contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados no soto do edificio destinado a garaxe polas filtracións producidas pola entrada de auga pluviais a través dunha arqueta con defectos de selado dende a realización de obras de humanización na rúa Estornioño. Condena ao Concello de Vigo a (1) pagar á comunidade recorrente unha indemnización de 296,46 euros incrementada co Índice de Garantía da Competitividade dende a data da reclamación administrativa, e (2) a realizar as obras necesarias para reparar a arqueta obxecto da lite na vía pública.

Deben coñecer o resolto o servizo de Patrimonio e o servizo de Vías e Obras.

9.- Contencioso. Expediente nº 19373/111

Sentenza nº 273 do 2 de decembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 282/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de imposición de multa por exceso de velocidade

Expte(s): 347632/280

Contía: 400,00 €

Sentenza (firme) que estima o RCA interposto contra unha sanción de tráfico imposta ao demandante por exceso de velocidade.

A sentenza recolle que o Concello tramitou correctamente o procedemento sancionador dirixido contra a condutora do vehículo, pero admitiu unha identificación do condutor extemporánea, coa que se desentende dunha infracción moi grave. Se identifica ao demandante deste RCA como condutor cando non hai causa que xustifique a exoneración da titular do vehículo xa que "Cualquier identificación realizada fuera de ese plazo, es extemporánea, no debe ser considerada y la infracción muy grave se habrá consumado, sin posibilidad legal de dejar de perseguirla. Todo lo que se aparte de esta legal y simple secuencia, como ha sido el caso, es disconforme a Derecho, se anula y revoca.". E isto conleva a caducidade do procedemento dirixido contra o demandante xa que o inicio do procedemento é a data da denuncia, polo transcurso de un ano.

A sentenza impón as custas ao Concello por importe de 200 euros (máximo), e contra ela non cabe recurso.

Darase traslado desta sentenza ao servizo de Seguridade e á Recadación Executiva para o seu coñecemento e efectos.

10.- Contencioso. Expediente nº 19311/111

Sentenza nº 220 do 3 de decembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 257/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolucións de 27/03/2025 e 12/05/2025 que desestiman recursos de reposición (multa por exceso de velocidade sen identificación do condutor)

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 13 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Expte(s): 346542/280 e 441766/700
Contía: 900,00 €

A sentenza, firme, inadmite o recurso porque se impugna unha resolución desestimatoria dun recurso de reposición interposto contra unha dilixencia de embargo derivada da falta de pagamento dunha sanción de 900 euros por non identificación do condutor ao non terse interposto reclamación económico-administrativa ante o Tribunal e polo tanto non esgotarse a vía administrativa (art. 69.c) LXCA).

Debe coñecer o resolto o servizo de Recadación Executiva.

11.- Contencioso. Expediente nº 19413/111

Sentenza nº 290 do 16 de decembro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 299/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución desestimatoria de recurso de reposición contra providencia de constrinximento (multa por exceso de velocidade)
Expte(s): 347959/280, 446734/700
Contía: 900,00 €

A sentenza estima o recurso interposto contra a desestimación do recurso de reposición presentado fronte á providencia de apremio, derivada do impago da débeda contraída con ocasión da imposición de sanción de tráfico, declara a súa desconformidade a dereito e condena á demandada ao reintegro das cantidades ingresadas incrementadas cos xuros legais.

Nos fundamentos logo de referirse á dilixencia mutua de ambas partes, notificador e notificado, razoa que no caso a notificación edictal foi improcedente porque a notificación postal foi irregular e a súa desconformidade vicia todo o procedemento: o requirimento de identificación ao condutor non pode ser considerado realizado debidamente.

A sentenza é firme e con imposición de custas á Administración municipal co límite de 100 euros.

Deben coñecer o resolto os servizos de Seguridade e de Recadación Executiva.

12.- Contencioso. Expediente nº 17991/111

Sentenza nº 168 do 17 de decembro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense
Abreviado: 245/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 06/09/2024 desestimatoria de recurso de reposición formulado en expediente sancionador
Expte(s): 324174/280
Contía: 1.200,00 €

Sentenza pola que se desestima o RCA interposto contra resolución sancionadora en materia de tráfico, por non identificar ao condutor/a.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 14 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

A sentenza declara axustada a Dereito a resolución sancionadora por axustarse á normativa reguladora do procedemento. As notificacións foron intentadas no enderezo fiscal do vehículo que coincide co invocado polo demandante: practicáronse os intentos de notificación que esixe a norma (2) nos que resultou ausente a demandante, e con posterioridade o Concello procedeu á notificación edictal, tal e como esixe a norma.

Impóñenselle as custas ao demandante por importe de 200 euros, e contra esta sentenza non cabe recurso.

Darase conta ao servizo de Seguridade e á Recadación Executiva para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 18306/111

Sentenza nº 485 do 24 de novembro de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2 de A Coruña

Recurso de apelación: 4186/2025

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Apelación da sentenza nº 235 do 11 de novembro do 2024 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Abreviado 120/2024 (expediente nº 17253/111)

Obxecto do recurso de orixe: Resolución do TE-A do Concello de Vigo, desestimatoria de reclamación económico-administrativa formulada polo Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU)

Expte(s): 5916/550, 38154/514

Contía: 3.812,16 €

A sentenza desestima o recurso de apelación interposto polo Concello contra a sentenza 235/2024 ditada polo XCA 2 de Vigo polos seguintes motivos (FX 4º) :

- considera que a sentenza apelada aplica correctamente a STS 339 do 28/02/2024 que admite que as liquidacións firmes poidan ser obxecto de revisión de oficio mediante a o procedemento previsto no artigo 217 da LGT por resultar de aplicación o apartado g) do apartado 1 referido a posibilidade de declarar a nulidade de pleno dereito dos actos ditados en materia tributaria que non fosen recorridos en prazo, en calquera outro suposto que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal, e sobre a base de que a declaración de inconstitucionalidade e nulidade dos artigos 107.1 e 170.2. a e 110.4 da LHL efectuada pola STS 59/2017 de 11 de maio, que traslada os efectos da nulidade destas normas inconstitucionais as liquidacións tributarias firmes.

- procedencia da devolución dos ingresos indebidos: aplicando a doutrina exposta, considera que aínda existindo un erro na utilización do mecanismo de impugnación da liquidación, a Sala considera que o que pretendía o recorrente era a devolución do indebidamente ingresado ao amparo da doutrina constitucional, quedando acreditado que non houbo incremento patrimonial, polo que conclúe a desestimación do recurso.

Impón as custas procesuais a parte apelante co límite máximo de 1.000 euros. Non é firme, é susceptible de recurso de casación previsto no artigo 86 da LXCA ante o TS.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 15 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Deben coñecer o resolto o Tribunal Económico-Administrativo e a Dirección Xeral de Ingresos.

14.- Contencioso. Expediente nº 15975/111

Sentenza nº 270 do 2 de decembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 187/2023

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: Acordo do Pleno do Concello de Vigo de data 29/03/2023 de actualización do apartado 2º do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 sobre a participación do Concello de O Porriño nos custos de operación e mantemento das infraestruturas de captación de auga do encoro de Eiras e Canle ata o punto de entrega, a partir do 1 de xaneiro do 2023

Expte(s): 2979/500, 3006/500, 3771/1101 e 336/441

Contía: Indeterminada

Esta sentenza estima o recurso contencioso-administrativo, anula e revoga o acto administrativo unicamente por unha cuestión formal, desbotando todos os argumentos sobre o fondo esgrimidos polo Concello de O Porriño e recoñecendo a existencia de débeda en favor do Concello de Vigo. A sentenza non realiza imposición de custas pola complexidade do asunto e a defectuosa demanda.

A sentenza recaída non é firme, pois contra ela cabe recurso de apelación.

A Área de Fomento, a Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e a Recadación Municipal, deben coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 18372/111

Sentenza nº 272 do 2 de decembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 46/2025

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: Resolución do 05/12/2024, desestimatoria dos recursos de reposición formulados contra resolucións que aproban as liquidacións bimestrais do ano 2023 polos custos de recuperación do investimento Canle de Eiras

Expte(s): 3231/500

Contía: Indeterminada

A sentenza estima o recurso contencioso-administrativo interposto polo Concello de O Porriño fronte á resolución de 5 de decembro de 2024 desestimatoria dos recursos de reposición presentados contra as resolucións que aprobaron as liquidacións dos bimestres xaneiro-febreiro e marzo-abril, setembro-outubro e novembro-décembro do 2023 en concepto de custos de operación e mantemento das infraestruturas de captación de auga do Encoro de Eiras e Canle ata o punto de entrega, que foron actualizadas consonte ao acordo plenario do Concello de Vigo de 29 de marzo de 2023 que foi declarado desconforme a dereito e por tanto anulado e revocado por Sentenza de 2 de decembro de 2025 no PO 187/2023.

A sentenza, sen imposición de custas ante a falta de firmeza da sentenza anulatoria do acordo plenario, é susceptible de recurso de apelación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 16 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Debe coñecer o resolto a Dirección Xeral de Ingresos.

16.- Contencioso. Expediente nº 19402/111

Auto nº 206 do 4 de novembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 297/2025

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución do 07/03/2025 do órgano de selección (tribunal 3) do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo polo procedemento de concurso (proceso nº 38 Oficial de Instalacións Municipais, laboral fixo, C2)

Expte(s): 43792/220, 44806/220

O auto (firme e sen imposición de custas) inadmite o recurso interposto contra a resolución de 07/03/2025 do órgano de selección do proceso de estabilización de emprego temporal polo procedemento de concurso (proceso 38, Oficial Instalacións Municipais laboral fixo, C2) por considerar que o acto administrativo impugnado é competencia da orde xurisdiccional social, ao ter por obxecto a contratación de determinada persoa como persoal laboral fixo do Concello de Vigo.

Debe coñecer o resolto á Area de RRHH e Formación.

17.- Contencioso. Expediente nº 19213/111

Auto nº 111 do 19 de novembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 233/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de recurso de alzada formulado contra acordo do 07/03/2025 correspondente ao proceso 38 de Oficial de Instalacións Municipais referente á OEP de estabilización

Expte(s): 44806/220, 46629/220

O auto, firme e sen custas, inadmite o recurso por falta de xurisdición para coñecer o recurso contra a desestimación do recurso presentado fronte ao acordo de 07/03/2025 do órgano de selección do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello (Oficial de Instalacións Municipais), e contra os acordos da XGL de datas 22/04/2025 e 22/07/2025 que acordaron contratar como persoal laboral na praza ao aspirante que superou o proceso selectivo.

Debe coñecer o resolto o servizo de RRHH e Formación.

18.- Contencioso. Expediente nº 19292/111

Auto nº 110 do 19 de novembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 261/2025

Demandante/Recorrente: Particular

S.ord.20/02/2026



Obxecto: Resolución de 06/03/2025 desestimatoria de recurso de alzada contra resolución de 27/11/2024 de puntuacións en proceso selectivo de estabilización dunha praza de Oficial de Instalacións Municipais
Expte(s): 43792/220, 44806/220
Contía: Indeterminada

O Auto (firme e sen imposición de custas) inadmite por falta de xurisdición o recurso interposto contra a resolución de 22/04/2025 do órgano de selección do proceso de estabilización de emprego temporal polo procedemento de concurso (proceso 38, Oficial Instalacións Municipais, laboral fixo, C2) por considerar que a competencia corresponde á xurisdición social por resultar decisivo que a vinculación que nace da actora coa demanda é de tipo laboral e a pretensión tamén ten ese carácter.

Debe coñecer o resolto a Area de RRHH e Formación.

19.- Contencioso. Expediente nº 19460/111

Auto nº 210 do 18 de novembro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 337/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución dos recursos de alzada formulados na OEP estabilización (concurso), Tribunal 3, das prazas C1-AP laboral/funcionario e proposta de nomeamento de data 22/04/2025 do Concello de Vigo, publicada no anuncio do 08/05/2025
Expte(s): 43791/220, 44806/220

O Auto (firme e sen imposición de custas) inadmite o recurso interposto contra a resolución de 22/04/2025 do órgano de selección do proceso de estabilización de emprego temporal polo procedemento de concurso (proceso 38, Oficial Instalacións Municipais laboral fixo, C2) por considerar que o acto administrativo impugnado é competencia da orde xurisdiccional social, ao ter por obxecto a contratación de determinada persoa como persoal laboral fixo do Concello de Vigo. E referirse a pretensión a unha nova valoración de méritos, sen impugnar as bases das convocatorias.

Debe coñecer o resolto a Area de RRHH e Formación.

20.- Contencioso. Expediente nº 19276/111

Sentenza nº 284 do 11 de decembro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 253/2025
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de recurso de reposición formulado contra acordo da XGL do 10/06/2021 (complementos de festividade e nocturnidade)
Expte(s): 35363/220 e 38266/220
Contía: Indeterminada

Sentenza que estima parcialmente a pretensión do recorrente, funcionario municipal, consistente no recoñecemento do plus de nocturnidade e festividade no período a quendas de ma-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 18 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

ñá e tarde e noite entre 2016-2020; e o plus de nocturnidade e festividade no período de IT de 2022 e ata a entrada en vigor da RPT 2023 na que xa se incluíron ditos conceptos.

A sentenza recoñece o dereito do demandante a percibir o plus de festividade do primeiro período (2016-2020), xa que nos cuadrantes de traballo non consta que realizase quenda de noite; e lle recoñece o dereito aos pluses de festividade e nocturnidade do segundo período (setembro 2022-maio 2023) que estivo en IT, por canto nos seus cuadrantes. Este último período foi recoñecido mediante Auto de aclaración e complemento de sentenza do 08/01/2026.

Por outra banda a sentenza rexeita a pretensión do actor consistente no recoñecemento da nocturnidade do primeiro período por canto nos cuadrantes de traballo non estaba previsto o traballo na quenda de noite para este funcionario, sen prexuízo de que dito servizo se prestase na quenda de noite.

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo de RRHH para o seu coñecemento e efectos.

21.- Contencioso. Expediente nº 19414/111

Sentenza nº 229 do 18 de decembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 296/2025

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de cantidades polos conceptos de nocturnidade e festividade de non percibidos durante IT

Expte(s): 35363/220, 38266/220, 45091/220

Contía: Indeterminada

A sentenza estima parcialmente o recurso presentado contra a desestimación por silencio do recurso de reposición fronte ao Acordo da XGL de 10/06/2021, desestimatorio da solicitude de recoñecemento dos complementos de nocturnidade e festividade durante os períodos de vacacións, IT, días libres e demais permisos retribuídos, e declara o dereito do demandante a percibir ditos complementos correspondentes aos 4 anos inmediatamente anteriores á presentación da reclamación (28/02/2020) cos xuros legais.

Non é firme por ser susceptible de recurso de apelación. Sen condena en custas.

Debe coñecer o resolto o servizo de RRHH e Formación.

22.- Contencioso. Expediente nº 18738/111

Sentenza nº 9 do 15 de xaneiro de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 155/2025

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución do 03/02/2025 ditada no expediente administrativo nº 45636/220 e desestimación presunta de varias solicitudes sobre pagamento de vacacións e asuntos propios

Expte(s): 46667/220, 45914/220, 46668/220, 46669/220, 45635/220, 45636/220

Contía: Indeterminada

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 19 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso do demandante sen imposición de custas.

O actor solicitou unha serie de pedimentos, en varios escritos formulados na vía administrativa; nulidade da resolución de xubilación, pase a segunda actividade, reincorporación ao servizo activo, indemnización por danos morais, retribucións non percibidas, horas extras, vacacións non desfrutadas, e regularización de cotizacións.

A sentenza recolle que o demandante -integrante do Corpo da Policía Local ata a súa xubilación- e con efectos do 20 de decembro do 2023 pasaría a percibir unha prestación por incapacidade permanente total. O demandante dirixiu as solicitudes ao Concello instando á prestación de servizos nun posto de segunda actividade, ademais das outras cuestións indicadas, sen resolución expresa agás a relativa ao desfrute de vacacións e asuntos propios.

A sentenza con mención a outro fallo anterior, revogado por razóns formais pero no que o TSXG non entrou no fondo do asunto, considera que a interpretación que nun documento notificado ao actor é errónea, posto que é precisa a tramitación dun expediente para a declaración de incapacidade, considerando a conduta do Concello como unha vía de feito, ao prescindir de procedemento. Entende que se atopa en servizo activo, porque declarouse en situación de incapacidade permanente total, pero sen declaración de xubilación, e esta non pode ser tácita.

A sentenza tamén recolle que segundo a Lei de Coordinación de Policía Local, só impide o pase á segunda actividade unha incapacidade permanente absoluta, pero non a total. Cíntanse sentenzas de Tribunais Superiores sobre a compatibilidade da situación de incapacidade permanente e o servizo activo.

A condena é á inmediata realización dos axustes razoables legalmente esixibles mediante o procedemento do pase á segunda actividade. Canto ás pretensións económicas, non se atende á indemnización por dano moral, pero si á regularización de cotizacións, abono de retribucións deixadas de percibir e recoñecemento do tempo de servizos.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

B. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional social

1.- Social. Expediente nº 18066/111

Sentenza nº 5381 do 2 de decembro de 2025

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 1174/2025

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Suplicación – Sentenza nº 512/2024 do 27 de novembro do 2024 ditada polo Xulgado do Social nº 5 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 307/2023 (Expediente nº 15998/111)

Obxecto do recurso de orixe: Reclamación de recoñecemento de dereito e cantidades por efectuar traballos de superior categoría (Oficial Instalacións Deportivas - Xefe Instalacións)

Expte(s): 36797/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 20 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Sentenza firme pola que se desestima recurso de suplicación interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza de 27 de novembro de 2024 do Xulgado do Social número 5 de Vigo, ditada no xuízo seguido a instancia dun traballador do servizo de Deportes, no que reclamaba cantidades (11.456,26 euros) en concepto de produtividade pola realización de tarefas de superior categoría polas diferencias salariais xeradas entre o 1 de outubro de 2021 e o 31 de marzo de 2023 xunto cun xuro por mora do 10 % en cómputo anual.

As custas impóñenselle ao Concello de Vigo por importe de 750 euros (IVE incluído).

Darase traslado desta sentenza á xefatura de RRHH e do servizo de Deportes para o seu coñecemento.

2.- Social. Expediente nº 18007/111

Sentenza nº 5472 do 4 de decembro de 2025

TSX Galicia, Sala do Social, Sección nº 1

Recurso de suplicación: 698/2025

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Suplicación – Sentenza nº 566/2024 do 20 de novembro do 2024 ditada polo Xulgado do Social nº 3 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 543/2023 (Expediente nº 16200/111)

Obxecto do recurso de orixe: Reclamación de cantidades adebedadas en concepto de nocturnidade/festividade do período de IT

Sentenza firme do TSXG que desestima o recurso de suplicación presentado polo Concello de Vigo contra a sentenza do Xulgado Social núm. 3 que estimou a reclamación de cantidade en concepto de nocturnidade e festividade deixados de percibir durante o período no que estivo en situación de IT, de vacacións e outros permisos, así como o pagamento das vacacións non desfrutadas entre o 2022 e 2023, por importe de 4.860,93 euros.

A sentenza de instancia confirmada polo TSXG establece que os pluses por ditos conceptos "son recurrentes y habituales para el actor, pues con ese planteamiento del horario es habitual que preste servicios tanto en horario nocturno como festivo, por lo que ha de reconocérsele igualmente en el período de vacaciones".

En relación aos días de vacacións o TSXG di que "no puede reducirse a 22 días, sino que debe ser del mes completo o, en su defecto, de 30 días, fijado por la norma convencional lo que nos lleva a estimar el cálculo elaborado por la parte actora que atiende a importes de un mes completo. Y, por lo que se refiere al año 2023, las vacaciones deben ser proporcionales al tiempo de servicios prestados, tal como recoge el convenio colectivo, y, por tanto, se considera que prestó servicios durante un periodo de 92 días, esto es, entre el 1 de enero de 2023 y el 2 de abril de 2023, ambos incluidos, pues el actor fue declarado en situación de incapacidad permanente total con efectos de 3 de abril de 2023. Por tanto, no podemos realizar el cálculo proporcional a seis días de vacaciones como hace la parte demandada, sino que se tendrá en cuenta el tiempo de servicios prestados tal como exige el convenio, tal como ha realizado la parte actora al realizar sus cálculos".

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 21 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

E se lle recoñece así a cantidade reclamada de 1.969,33 euros polo período de IT, maila suma das xeradas en período vacacional de 2.891,60 euros.

Darase traslado desta sentenza ás xefaturas de RRHH e de Deportes para o seu coñecemento.

3.- Social. Expediente nº 18242/111

Auto nº 52 do 9 de decembro de 2025

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 1047/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: En materia de contías (Oficial Instalacións Deportivas)

Expte(s): 45876/220

Contía: 2.845,83 €

Auto polo que se ten por desistido ao demandante da demanda interposta contra o Concello de Vigo, na que reclamaba 2.845,83 euros en concepto de nocturnidade e festividade durante os períodos de IT, vacacións e outros permisos, por estar previstos no seu cuadrante de traballo, por canto o Concello recoñeceulle dita cantidade ao abeiro da STSXG ditada recentemente sobre esta materia.

Sen custas.

Darase traslado deste Auto á xefatura de RRHH e ao servizo de Deportes para o seu coñecemento.

4.- Social. Expediente nº 17446/111

Sentenza nº 469 do 30 de decembro de 2025

Xulgado do Social nº 7 de Vigo

Ordinario: 594/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de cantidades por horas extraordinarias

Expte(s): 41124/220

Sentenza (non firme) pola que se desestima integramente a demanda. Son dúas as pretensións exercitadas polo actor: por un lado considera que existe un agravio comparativo cos policía locais, debendo ser equiparado o valor da súa hora extra e; por outro lado que o Concello calcula mal as horas extraordinarias.

Pola representación do Concello se aporta a STSXG do 22 de xunio de 2020 na que se fixa unha fórmula para proceder a calcular as gratificacións por horas extraordinarias, e o informe de RRHH no que se informa que a raíz de dita sentenza e a partir do mes de novembro de 2020, o Concello procedeu ao pagamento das horas extra de acordo con dita fórmula.

A sentenza desestima a demanda por canto "se trata únicamente del abono de las gratificaciones por horas extraordinarias, es decir, horas trabajadas en exceso"; "El Concello de Vigo a raíz de la Sentencia cumple la formula establecida en la sentencia aludida por el TSJ Galicia y, aunque es cierto, tal como se desprende de las nóminas, el concello está pagando las gratificaciones con retraso. No es menos cierto que según los informes de RRHH los impor-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 22 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

tes se corresponden con los que han ido cobrando el actor en sus nóminas"; e considera que non procede estimar a demanda pois se ignora cal foi a fórmula que utiliza o actor para chegar ao valora da hora extraordinaria fixada na demanda.

E por último, tampouco estima a pretensión de equiparación da hora extra do actor coa Policía Local atendendo á propia sentenza do TSX que establece o cálculo das gratificacións extraordinarias, non existindo ningunha base legal para dita equiparación.

Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de suplicación. Sen custas.

Darase traslado desta resolución a RRHH e ao servizo de Cultura para o seu coñecemento.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 23 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómake coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(104).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN: “PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS E COMEDOR 2025-2026. EXPTE. 277291/301.

Visto o informe de fiscalización do 11/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/01/2026, asinado pola xefa de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14.02.2025, acordou aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2025-2026», elaboradas polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 277291/301). As Bases e a convocatoria deste Programa foron publicadas no BOPPO nº 42, do 03.03.2025.

I.2. O Programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor do Concello de Vigo está dirixido ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados do termo municipal de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2025 consignárase, na aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (–“Becas libros, comedor”), un crédito por importe de 1.427.700,00 € destinado, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades.

I.4. Durante o prazo de presentación de solicitudes presentáronse 3.026 para axudas de libros e material escolar e 5.551 para bolsas de comedor, que foron tramitadas polo órgano instructor (Servizo de Benestar Social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 24 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

I.5. Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas de libros e comedor, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 16.09.2025).

I.6. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 12 deste Programa de axudas, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 03.10.2025 acordou, por proposta do instructor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria nos seguintes termos:

«PRIMEIRO: Autorizar o gasto de 1.601.834 € (107.000€ de libros e material escolar e 1.494.834€ de axudas de comedor), distribuído por anualidades: 854.417 € no exercicio de 2025 e 747.417 € no de 2026.

SEGUNDO: Axudas municipais de libros e material escolar, Curso 2025-2026:

2.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.070 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.

O correspondente gasto (107.000€) financiarase con cargo ó RC 12025000013876(135.000,00€) e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza co expediente no 287423/301 e remata co no 280912/301.

2.2. DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 1.956 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na Base 6a da convocatoria.

Relaciónanse tamén no Anexo I, que comeza co expediente no 282427/301 e remata co no 283374/301, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

TERCEIRO: Axudas municipais escolares de comedor, Curso 2025-2026:

3.1. CONCEDER as axudas municipais de comedor ás/ós 3.509 alumnas/os que reúnen os requisitos esixidos e que se pagarán, no exercicio de 2025, con cargo ós RC 12025000013881 (461.800€), RC 12025000003076 (85.617€), á aplicación orzamentaria no 2310.481.00.00 (200.000€).

O gasto de 747.417 € para axudas de comedor no ano 2026 (xaneiro-xuño 2026) irá con cargo á aplicación orzamentaria no 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 12025000013886 (830.900€) .

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo II (comedor), que comeza co expediente no 280293/301 e remata co no 280748/301.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 25 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3.2. *DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/os 2.042 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente no 282427/301 e remata co no 283374/301, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.*

CUARTO: INADMITIR, por extemporáneas, as 94 solicitudes presentadas fóra de prazo e que figuran relacionadas no Anexo III, que comenza co no de documento 250078136 e remata co no 250227052.

QUINTO: Para o caso de que durante o Curso escolar 2025-2026 se producise unha situación extraordinaria que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria no 2310.481.00.00 (-“Becas, libros, comedor”).

SEXTO: Publicar este acordo e a documentación complementaria da resolución desta convocatoria de axudas (Anexo IV) no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa sobre estas axudas á Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), identificándoas coa clave “L” e a subclave 22.

SÉPTIMO: Este acordo pon fin á vía administrativa e contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á súa publicación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e cc-dtes. da Lei 29/98)».

I.7. Contra ese acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal recursos potestativos de reposición, co contido que será obxecto de análise neste informe-proposta.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 26 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado acordo da Xunta de Goberno Local do 03.10.2025 (un total de 53), desestimatorio das súas solicitudes de concesión de axudas con cargo ás bases e convocatoria aprobadas.

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpóñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se produciise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinado o seu contido pola Comisión de Valoración (Acta do 26.01.2026), esta propón:

- Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 03.10.2025 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas ó abeiro das «Bases reguladoras para a concesión de Axudas municipais de

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 27 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo – Curso 2025-2026» que figuran no Anexo I, por incumprir algún dos requisitos reseñados na Base Sexta. O Anexo I comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. Nº 02627142J (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. Nº 36130839R (nº 33), toda vez que o acordo da XGL impugnado resulta axustado ás Bases do Programa de axudas e as respectivas solicitudes foron correctamente desestimadas por incumprimento dalgun dos requisitos establecidos.

- Estimar os relacionados no ANEXO II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. Nº Y8991019B (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. Nº 36106196Z (nº 20), polas razóns que en cada caso se indican.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-119 e 123-124 da LPACAP e a proposta efectuada pola Comisión de Valoración, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 03.10.2025 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas ó abeiro das «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2025-2026» que figuran no Anexo I, por incumprir algún dos requisitos reseñados na Base Sexta.

O Anexo I comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. Nº 02627142J (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. Nº 36130839R (nº 33).

ANEXO I - RECURSOS DESESTIMADOS

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	N.º EXPEDIENTE	MOTIVO DESESTIMACIÓN
1	***2714**	250067171	280469-301	g)
2	***8715**	250072802	284901-301	g) (A merma de ingresos a presentan con posterioridade á resolución).
3	***9508**	250056899	283601-301	g)
4	***5541**	250060975	284869-301	e)
5	***3669**	250066521	286143-301	g)
6	***6434**	250077979	282692-301	e)
7	***5095**	250054580	283386-301	g)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 28 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	N.º EXPEDIENTE	MOTIVO DESESTIMACIÓN
				(A merma de ingresos a presentan con posterioridade á resolución).
8	***7265**	250075677	282102-301	g)
9	***2127**	250047522	278585-301	g)
10	***8114**	250069848	287329-301	g)
11	***8904**	250060284	284697-301	g)
12	***6147**	250060359	284600-301	g)
13	***5323**	250069471	280813-301	g)
14	***8206**	250060861	279867-301	g) (A merma de ingresos a presentan con posterioridade á resolución).
15	***1386**	250073324	281299-301	g)
16	***1692**	250070540	280962-301	g)
17	***5312**	250075728	282231-301	g)
18	***5666**	250063144	285239-301	g)
19	***2425**	250053939	287383-301	g)
20	***4612**	250047748	278605-301	g) (A merma de ingresos a presentan con posterioridade á resolución).
21	***6983**	250072603	284763-301	g)
22	***7448**	250068025	285755-301	g)
23	***1502**	250065910	285624-301	g)
24	***1852**	250066505	286141-301	g)
25	***9616**	250054877	279102-301	g) (Presenta proposta convenio con custodia compartida)
26	***6339**	250068444	286926-301	g)
27	***3903**	250047271	278597-301	g)
28	***9184**	250075259	282575-301	g)
29	***3061**	250056803	282894-301	e)
30	***6504**	250071970	287149-301	g)
31	***6101**	250057301	283495-301	g)
32	***4056**	250073864	286658-301	g)
33	***3083**	250071631	281123-301	g)

Requisito incumplido (Base 6ª):

(e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 29 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda dos importes máximos indicados na Táboa da Base sexta. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o 75% do IPREM.

SEGUNDO: Estimar os recursos que figuran no Anexo II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. Nº Y8991019B (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. Nº 36106196Z (nº 20). O gasto que comportaría a estimación dos recursos referidos ás axudas de comedor finánciase con cargo ás baixas producidas neste Programa, polo que non supón incremento do mesmo. O gasto correspondente ás axudas de libros e material escolar (600€) financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (–“Becas libros, comedor”).

ANEXO II – RECURSOS ESTIMADOS

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	DATA	MOTIVO	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE/MES
1	***9101**	250069608	17/10/25	1	0,00 €	45,00 €
2	***7474**	250058093	21/10/25	1	0,00 €	45,00 €
3	***7592**	250066082	22/10/25	1	0,00 €	45,00 €
4	***1851**	250069638	24/10/25	1	100,00 €	45,00 €
5	***6286**	250068630	24/10/25	1	100,00 €	45,00 €
6	***3838**	250076301	18/11/25	1	0,00 €	45,00 €
7	***2898**	250059141	07/10/25	1	0,00 €	45,00 €
8	***4395**	250066863	12/11/25	1	0,00 €	45,00 €
9	***9204**	250049530	07/10/25	1	0,00 €	45,00 €
10	***8856**	250073212	08/10/25	1	100,00 €	0,00 €
11	***7013**	250058544	15/10/25	1	100,00 €	90,00 €
12	***2362**	250060260	04/11/25	1	0,00 €	90,00 €
13	***7637**	250048145	06/10/25	1	0,00 €	45,00 €
14	***4219**	250061126	27/10/25	1	0,00 €	45,00 €
15	***8039**	250051335	17/10/25	1	0,00 €	45,00 €
16	***9046**	250069422	23/10/25	1	100,00 €	0,00 €
17	***5306**	250072062	27/10/25	1	100,00 €	45,00 €
18	***1729**	250070266	10/10/25	1	0,00 €	45,00 €
19	***3531**	250073378	24/10/25	1	0,00 €	45,00 €
20	***0619**	250072938	26/10/25	1	0,00 €	90,00 €
TOTAL					600,00 €	

Códigos:

(1): Corrección de erro material.

TERCEIRO: Publicar este acordo no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello de Vigo, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transpa-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 30 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

rencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa sobre estas axudas á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

CUARTO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución dos recursos de reposición non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste acordo».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(105).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 99211/332.

Visto o informe de fiscalización do 12/02/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Navia (99211-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de outubro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Navia.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 25/08/2025, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 15/10/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Navia.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 31 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 1.269.844,08 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Navia, con cargo ás aplicación orzamentaria 3230.227.990 (EIM Navia), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, do xeito seguinte:

ANUALIDADE	Importe (exento de IVE)
2026 (7 meses y 23 días)	224.146,72
2027 (11 meses)	317.461,02
2028 (11 meses)	317.461,02
2029 (11 meses)	317.461,02
2030 (03 meses y 7 días)	93.314,30
Total	1.269.844,08 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 29 de xaneiro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Navia (99211-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	COLEGIO LOS MILAGROS, SL	96,15
2	AURORA, PILAR Y ANA, SL	85,00
3	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL	78,79

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ADXUDICATARIO, o día 30 de xaneiro de 2026, que presenta a documentación requirida o 5 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que consta que está ao corrente nas súas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (222.222,71 €) presenta as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (222.222,71 €), presenta certificado de boa execución no que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Solicitude de retención da garantía definitiva no prezo do contrato por importe de 59.290,00 euros.
- Declaración responsable asinada polo seu representante de contar cun mínimo do 2% de traballadores con discapacidade e cun plan de igualdade de mulleres e homes.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 12 de febreiro de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COLEGIO LOS MILAGROS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 33 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COLEGIO LOS MILAGROS, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 19 e 23d e xaneiro de 2026, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Navia (99211-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo do contrato é de 1.185.800 euros (exento de IVE).*
- b) Incrementa as horas mínimas semanais de adicación ao servizo de Orientación Familiar fixadas no PPT (2 horas) en 10 horas.*
- c) Achega 5.000,54 euros para material didáctico.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(106).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E ACTIVIDADES PARA OS CENTROS DOCENTES DE VIGO. EXPTE. 99603/332.

Visto o informe de fiscalización do 02/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da xefa do Servizo de Educación do 16/02/2026, conformado pola concelleira delegada, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto e finalidade:

O Concello de Vigo no ámbito das súas competencias convoca o programa de “SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E ACTIVIDADES PARA OS CENTROS DOCENTES DE VIGO” co obxecto de fomentar actividades que contribúan á mellora da



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 34 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

calidade formativa da comunidade educativa da nosa cidade, realizadas dende os colexios de Vigo sostidos con fondos públicos, para o alumnado, profesorado e familias de ditos centros.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar con esta convocatoria é fomentar a implicación e participación dos distintos sectores da comunidade educativa no desenvolvemento de actividades formativas e de ocio de distintas temáticas nun contexto escolar positivo e de convivencia harmónica. Desenvolver iniciativas didáctico-pedagóxicas e lúdicas innovadoras relacionadas co medio urbano, co medio natural, cos valores e actitudes sociais, coa aplicación das novas tecnoloxías, coa práctica deportiva e actividades de lecer, cos hábitos saudables e prevención de condutas de risco, e outros temas ou aspectos de interese para a comunidade educativa.

Búscase fomentar o coñecemento do entorno máis inmediato ao alumnado, como é a súa cidade, co propósito de transmitir uns valores que os impliquen e identifiquen co espazo urbano no que residen e actúan, ademais de responsabilizalos na súa conservación e mellora; así como reforzar os vínculos da comunidade educativa e promover a formación do alumnado, educadores e familias en valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, tolerancia, amizade) cara a unha maior sensibilización na mellora da integración social e en contra da exclusión.

A actividade subvencionada debe ser sen ánimo de lucro.

II. Competencia:

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

III. Beneficiario/as:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública os centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo, isto é centros públicos e concertados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, bacharelato e formación profesional.

IV. Procedemento de concesión da subvención:

Dado o carácter singular das actividades subvencionadas e o seu interese público, educativo e social, ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, estas subvencións outorgaranse en réxime de concorrència competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde da súa presentación ata esgotar o crédito orzamentario previsto.

V. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos dos beneficiarios, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 35 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

VI. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2026 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto, o procedemento de concesión destas subvencións rexeráse polas súas propias Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Contía total e crédito orzamentario:

A contía total destinada a estas axudas é de 40.000,00 (corenta mil) euros e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 “Actividades extraescolares” do vixente exercicio orzamentario. Considéranse gastos subvencionables os realizados entre o 1 de novembro de 2025 e o 31 de outubro de 2026.

O importe máximo subvencionable será de 2.000,00 (dous mil) euros para cada unha das entidades beneficiarias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

VIII. Publicidade:

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de festivais e iniciativas sociais nos centros docentes de Vigo” en:

- As bases reguladoras: no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As solicitudes concedidas: as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 36 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unhas bases reguladoras, así como unha convocatoria e un extracto da mesma en galego e castelán.

IX. Recursos:

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ao das respectivas publicacións oficiais.

X. Órgano competente:

O artigo 74 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da LRBRL, correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.

De conformidade co anteriormente exposto, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, e coa conformidade da concelleira delegada de Educación e dos concelleiros das Áreas de Goberno de Educación e de Orzamentos e Facenda, nos termos das delegacións competenciais efectuadas nas datas 20/06/2023 e 28/06/2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Aprobar as Bases reguladoras, a Convocatoria e o Extracto da mesma para a concesión de subvencións para contribuir ao financiamento dos gastos da organización de programas educativas e actividades para os centros docentes de Vigo, que se achegan ao expediente.

Segundo: Aprobar o gasto por importe total de 40.000,00 (corenta mil) euros, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 “Actividades extraescolares” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2026.

Terceiro: Publicar, unha vez aprobadas, as Bases e a Convocatoria para a concesión destas subvencións, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.
- Os modelos de formularios normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 37 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E ACTIVIDADES PARA OS CENTROS DOCENTES DE VIGO (expediente 99603/332).

Os centros educativos desenvolven a actividade docente que teñen encomendada dando cumprimento aos programas educativos aprobados para cada etapa polas administracións educativas competentes.

Pero os centros educativos son moito máis, son os espazos nos que o alumnado socializa e aprende a integrarse na sociedade. É importante promover espazos e actividade de convivencia nos que a comunidade educativa integrada principalmente polo alumnado, profesorado e familias do alumnado dos centros poida interactuar e socializar. Con frecuencia, os centros educativos organizan programas educativos e actividades que empregan a nosa cidade como privilexiado recurso didáctico, xa que resulta altamente motivador para o alumnado coñecer e achegarse á realidade socioeconómica, medioambiental, cultural, artística ou histórica do seu entorno máis próximo, como poden ser o seu barrio ou parroquia.

Nesta liña, dende a Concellería de Educación preténdese establecer un procedemento para a concesión de axudas aos centros docentes de Vigo para a celebración e organización de programas educativos e actividades vencellados con Vigo (lugares, feitos históricos, personaxes singulares...) para poñer en práctica o concepto da cidade como aula activa ou museo didáctico que amosa elementos para indagar, descubrir ou investigar, así como para a organización de festivais escolares ou actuacións sociais e iniciativas didáctico pedagóxicas, que contribúan á mellora da calidade formativa da comunidade educativa da nosa cidade.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

BASES

Primeira.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIOS/AS DAS SUBVENCÍONS.

Obxecto: Esta convocatoria de subvencións intégrase na Área de Educación do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, liña 4.2 de Fomento de actividades sociais: actividades que contribúan á mellora da



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 38 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

calidade formativa da comunidade educativa da nosa cidade, realizadas dende os colexios de Vigo sostidos con fondos públicos, para o alumnado, profesorado e familias de ditos centros.

As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de subvencións a centros docentes públicos e concertados sitos en Vigo para a celebración e organización de programas educativos e actividades vencellados con Vigo (lugares, feitos históricos, personaxes singulares...) para poñer en práctica o concepto da cidade como aula activa ou museo didáctico que amosa elementos para indagar, descubrir ou investigar, así como para a organización de festivais escolares ou actuacións sociais e iniciativas didáctico pedagóxicas, propios da comunidade educativa. A actividade subvencionada debe ser sen ánimo de lucro.

Finalidade: A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar con esta convocatoria é fomentar a implicación e participación dos distintos sectores da comunidade educativa no desenvolvemento de actividades formativas e de ocio de distintas temáticas nun contexto escolar positivo e de convivencia harmónica. Desenvolver iniciativas didáctico-pedagóxicas e lúdicas innovadoras relacionadas co medio urbano, co medio natural, cos valores e actitudes sociais, coa aplicación das novas tecnoloxías, coa práctica deportiva e actividades de lecer, cos hábitos saudables e prevención de condutas de risco, e outros temas ou aspectos de interese para a comunidade educativa.

Búscase fomentar o coñecemento do entorno máis inmediato ao alumnado, como é a súa cidade, co propósito de transmitir uns valores que os impliquen e identifiquen co espazo urbano no que residen e actúan, ademais de responsabilizalos na súa conservación e mellora; así como reforzar os vínculos da comunidade educativa e promover a formación do alumnado, educadores e familias en valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, tolerancia, amizade) cara a unha maior sensibilización na mellora da integración social e en contra da exclusión.

Beneficiarios/os: Poderán concorrer a esta convocatoria pública os centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo, isto é centros públicos e concertados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, bacharelato e formación profesional.

Segunda.- RÉXIME DE CONCESIÓN.

Dado o carácter singular das actividades subvencionadas e o seu interese público, educativo e social, ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, estas subvencións outorgaranse en réxime de concorrència competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde da súa presentación ata esgotar o crédito orzamentario previsto.

Terceira.- CONTÍA DA SUBVENCIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

A contía total destinada a estas axudas é de 40.000,00 (corenta mil) euros e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 "Actividades extraescolares" do vixente exercicio orzamentario. Considéranse gastos subvencionables os realizados entre o 1 de novembro de 2025 e o 31 de outubro de 2026.

O importe máximo subvencionable será de 2.000,00 (dous mil) euros, para cada unha das entidades beneficiarias.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 39 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Cuarta.- REQUISITOS.

Poderán solicitar a subvención e obter a condición de beneficiarios os centros que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que os centros docentes solicitantes sexan centros sostidos con fondos públicos (poden ser centros públicos ou concertados) situados no termo municipal de Vigo, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, bacharelato e formación profesional.
- b) Ter presentado a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.
- c) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. Os interesados poderán autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo II cumprimentado e asinado electronicamente. En caso contrario, será preciso achegar a/s oportuna/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS) e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
- d) Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
- e) Os centros organizadores do evento e solicitantes das axudas deberá contar, con:
 - Autorización do Servizo municipal de Seguridade e Mobilidade, cando a actividade implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.
 - Seguro de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco, no caso en que resulte procedente.

Quinta.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de novembro de 2025 ata o 31 de outubro de 2026**, que se estimen necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas.

Gastos correntes derivados da organización do evento: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, transportes, trofeos, material para as actividades, seguros, publicidade (cartelaría, dípticos, vestuario e outro material publicitario...) e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado. Non se consideran "trofeos" os agasallos alimentarios ou outros obsequios perecedoiros (comida, bebida, etc.).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 40 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmonte de instalacións cubertas, palcos ou estruturas móbiles similares, destinadas á celebración de actos sociais ou lúdicos sen ánimo de lucro, que sexan de acceso libre e gratuito para a comunidade educativa.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Sexta.- COMPATIBILIDADE.

A subvención que se outorgue será compatible con outras axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

O tratamento fiscal das axudas previstas nestas bases será o que determine en cada caso a Administración Tributaria competente.

Sétima.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES.

Unha vez estudados os proxectos presentados polos centros educativos, desestimaranse as seguintes solicitudes:

- 1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- 2- As solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas Bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarios.
- 3- As solicitudes pendentes, unha vez esgotado o crédito orzamentario.

Oitava.- OBRIGAS.

As entidades beneficiarias das subvencións, conforme a presente normativa, están obrigadas a:

1. Xustificar ante o órgano concedente a realización das actividades que fundamentan a concesión das axudas nos termos establecidos na memoria e o cumprimento dos requisitos e condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros,...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades ou nas publicacións obxecto de subvención, deberá figurar de forma visible a imaxe institucional do Concello de Vigo.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 41 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
5. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegada.
6. Contar coas preceptivas autorizacións ou licenzas sectoriais que sexan esixibles de acordo coa lexislación vixente (seguridade, urbanismo, etc.).
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
10. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS e art.11 da LSG.
11. Contratar a/s póliza/s de seguros de responsabilidade civil no caso de que procedan.
12. Cumprir coas disposicións establecidas no Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

Novena.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE, PRAZO E DOCUMENTACIÓN.

Poderán presentar solicitudes os centros docentes públicos e concertados, en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, utilizando o modelo oficial que figura como Anexo I nestas bases.

So se aceptará unha solicitude por centro educativo.

9.1. Solicitude

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para a dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentárase debidamente cumprimentada, mediante o modelo oficial aprobado nestas bases (**Anexo I**), que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

9.2. Prazo

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente **será de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 42 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

9.3. Documentación

Os solicitantes achegarán a seguinte documentación:

a.- Solicitud. Conterá os datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

b.- Documento acreditativo da persoa que asina a solicitude para actuar en **representación** do centro educativo.

c.- Memoria do programa e/ou a actividade a desenvolver, indicando os obxectivos propostos, lugar, datas, persoas participantes e demais cuestións de interese.

d.- Orzamento dos gastos subvencionables.

e.- Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da entidade solicitante.

f.- Autorización expresa á consulta e verificación de datos por parte do Concello de Vigo (Anexo II) ou as correspondentes certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias.

O servizo convocante pode requirir tanta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, se cumpren os requisitos nelas esixidos e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da LPAC.

Décima.- PROCEDIMIENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN.

1- De conformidade co regulado no artigo 22 da LSG a concesión das axudas tramitarase mediante procedemento abreviado, polo que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instrutor que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

2- A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPAC), coa advertencia de que,

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 43 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPAC.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

3. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación das axudas.

4. As solicitudes tramitaranse por orde de entrada no Rexistro Xeral Electrónico do Concello de Vigo a través da sede electrónica do Concello.

5. O prazo para resolver será, como máximo, de catro meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

6- A resolución do procedemento poderá notificarse electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítanse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entendéranse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

7.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo primeira. RECLAMACIÓNS.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ao das respectivas publicacións oficiais.

Décimo segunda. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA SUBVENCIÓN E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

A subvención entenderase aceptada se, dentro do prazo de 10 días da súa publicación consonte co artigo 45.1.b) da LPAC, as beneficiarias non manifestan nada en contra.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 44 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Educación no vindeiro exercicio orzamentario.

Décimo terceira.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA.

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 3 de novembro de 2026.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

Os criterios para verificar que os gastos son subvencionables serán que a data da factura ou documento equivalente que se presente, debe atoparse dentro do período subvencionable.

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria. Non son subvencionables os pagos en efectivo.

Presentaranse:

- **Relación clasificada dos gastos subvencionados:** xustificárase gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade.
- Así mesmo, **deberán presentarse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente, cuxo importe total debe cubrir como mínimo, o importe da subvención outorgada:**

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 Real Decreto 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Se se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

En ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...

No caso das facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algunha das modalidades de identificación admitidas legalmente (sinatura electrónica, código de verificación...).

De conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 45 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

No caso de centros educativos que teñan sido beneficiarios na convocatoria anterior, non se aceptarán as facturas que xa teñan sido presentadas previamente para a xustificación da subvención.

As facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.

Cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.

As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención.

Décimo cuarta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expediente de subvencións, lles sexa requirida pola Concellaría de Educación, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, o servizo xestor poderá facer as indagacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado.

Décimo quinta.- ABOAMENTO.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada (Anexo III “solicitud de aboamento” e, de ser o caso, IV “declaración responsable”).

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Décimo sexta.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o Título IV da Lei 39/2015, de 15 de novembro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no que se regula a potestade sancionadora e a responsabilidade patrimonial.

Décimo sétima.- PUBLICIDADE.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 46 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de festivais e iniciativas sociais nos centros docentes de Vigo” en:

- As bases reguladoras: no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As solicitudes concedidas: as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Décimo oitava.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

A Comisión de Seguimento quedará integrada pola concelleira delegada de Educación, que actuará como presidenta, a xefa do Servizo de Educación e o técnico medio de actividades culturais e educativas do Servizo de Educación, e será competente para resolver as dúbidas na interpretación das presentes bases.

Décimo novena.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións e notificacións de obrigado cumprimento, e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas do dito tratamento.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 47 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén serán obxecto das obrigas de publicación e poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas e beneficiarias poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésima.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Esta convocatoria rexerese polas súas Bases; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E ACTIVIDADES PARA OS CENTROS DOCENTES DE VIGO

Primeiro. OBXECTO.

As bases desta convocatoria regulan o procedemento para a concesión de subvencións a centros docentes públicos e concertados sitos en Vigo para a celebración e organización de programas educativos e actividades vencellados con Vigo (lugares, feitos históricos, personaxes singulares...) para poñer en práctica o concepto da cidade como aula activa ou museo didáctico que amosa elementos para indagar, descubrir ou investigar, así como para a organización de festivais escolares ou actuacións sociais e iniciativas didáctico pedagóxicas, propios da comunidade educativa. A actividade subvencionada debe ser sen ánimo de lucro.

Segundo. BENEFICIARIOS/AS.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública os centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo, isto é centros públicos e concertados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, bacharelato e formación profesional.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 48 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Terceiro. RÉXIME DE CONCESIÓN.

Dado o carácter singular das actividades subvencionadas e o seu interese público, educativo e social, ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, estas subvencións outorgaranse en réxime de concorrència competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde da súa presentación ata esgotar o crédito orzamentario previsto.

Cuarta. REQUISITOS.

Poderán solicitar a subvención e obter a condición de beneficiarios os centros que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que os centros docentes solicitantes sexan centros sostidos con fondos públicos (poden ser centros públicos ou concertados) situados no termo municipal de Vigo, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, bacharelato e formación profesional.
- b) Ter presentado a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.
- c) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. Os interesados poderán autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo II cumprimentado e asinado electronicamente. En caso contrario, será preciso achegar a/s oportuna/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS) e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
- d) Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
- e) Os centros organizadores do evento e solicitantes das axudas deberá contar, con:
 - Autorización do Servizo municipal de Seguridade e Mobilidade, cando a actividade implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.
 - Seguro de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco, no caso en que resulte procedente.

Quinto. NORMATIVA E BASES REGULADORAS.

Esta convocatoria rexeráse polas súas Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 49 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Real Decreto 887/2006; polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Sexto. CONTÍA.

A contía total destinada a estas axudas é de 40.000,00 (corenta mil) euros e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 “Actividades extraescolares” do vixente exercicio orzamentario. Considéranse gastos subvencionables os realizados entre o 1 de novembro de 2025 e o 31 de outubro de 2026.

O importe máximo subvencionable será de 2.000,00 (dous mil) euros, para cada unha das entidades beneficiarias.

Sétimo. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Poderán presentar solicitudes os centros docentes públicos e concertados, en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, utilizando o modelo oficial que figura como Anexo I ás bases.

So se aceptará unha solicitude por centro educativo.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para a dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentárase debidamente cumprimentada, mediante o modelo oficial aprobado nestas bases (**Anexo I**), que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente **será de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

Oitavo.- DOCUMENTACIÓN.

Os solicitantes achegarán a seguinte documentación:

a.- Solicitude. Conterá os datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 50 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

b.- Documento acreditativo da persoa que asina a solicitude para actuar en **representación** do centro educativo.

c.- Memoria do programa e/ou a actividade a desenvolver, indicando os obxectivos propostos, lugar, datas, persoas participantes e demais cuestións de interese.

d.- Orzamento dos gastos subvencionables.

e.- Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da entidade solicitante.

f.- Autorización expresa á consulta e verificación de datos por parte do Concello de Vigo (Anexo II) ou as correspondentes certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias.

O servizo convocante pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, se cumpren os requisitos nelas esixidos e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concludo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da LPAC.

Noveno. ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO, RECURSOS PROCEDENTES E NOTIFICACIÓN.

De conformidade co regulado no artigo 22 da LSG a concesión das axudas tramitarase mediante procedemento abreviado, polo que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instrutor que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPAC), coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPAC.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación das axudas.

O prazo para resolver será, como máximo, de catro meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 51 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

As axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

A subvención entenderase aceptada se, dentro do prazo de 10 días da súa publicación consonte co artigo 45.1.b) da LPAC, as beneficiarias non manifestan nada en contra.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ao das respectivas publicacións oficiais.

Undécimo. PUBLICACIÓN.

As Bases reguladoras e a Convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As bases reguladoras: no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org).

A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

As axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE xx/xx//2026, POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E ACTIVIDADES PARA OS CENTROS DOCENTES DE VIGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. OBXECTO.

As bases desta convocatoria regulan o procedemento para a concesión de subvencións a centros docentes públicos e concertados sitos en Vigo para a celebración e organización de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 52 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

programas educativos e actividades vencellados con Vigo (lugares, feitos históricos, personaxes singulares...) para poñer en práctica o concepto da cidade como aula activa ou museo didáctico que amosa elementos para indagar, descubrir ou investigar, así como para a organización de festivais escolares ou actuacións sociais e iniciativas didáctico pedagóxicas, propios da comunidade educativa. A actividade subvencionada debe ser sen ánimo de lucro.

Segundo. BENEFICIARIOS/AS.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública os centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo, isto é centros públicos e concertados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, bacharelato e formación profesional.

Terceiro. BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas na páxina web municipal www.vigo.org, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Cuarto. CONTÍA.

A contía total destinada a estas axudas é de 40.000,00 (corenta mil) euros e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 "Actividades extraescolares" do vixente exercicio orzamentario. Considéranse gastos subvencionables os realizados entre o 1 de novembro de 2025 e o 31 de outubro de 2026.

O importe máximo subvencionable será de 2.000,00 (dous mil) euros, para cada unha das entidades beneficiarias.

Quinto. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Poderán presentar solicitudes os centros docentes públicos e concertados, en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, utilizando o modelo oficial que figura como Anexo I ás bases.

So se aceptará unha solicitude por centro educativo.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para a dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentárase debidamente cumprimentada, mediante o modelo oficial aprobado nestas bases (**Anexo I**), que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente **será de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 53 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

Sexto.- DOCUMENTACIÓN.

Os solicitantes achegarán a seguinte documentación:

a.- Solicitud. Conterá os datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

b.- Documento acreditativo da persoa que asina a solicitude para actuar en **representación** do centro educativo.

c.- Memoria do programa e/ou a actividade a desenvolver, indicando os obxectivos propostos, lugar, datas, persoas participantes e demais cuestións de interese.

d.- Orzamento dos gastos subvencionables.

e.- Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da entidade solicitante.

f.- Autorización expresa á consulta e verificación de datos por parte do Concello de Vigo (Anexo II) ou as correspondentes certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias.

O servizo convocante pode requirir tanta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, se cumpren os requisitos nelas esixidos e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da LPAC.

8(107).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE SANTA MARTA – CASCO VELLO. EXPTE. 25581/332.

Visto o informe de fiscalización do 12/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/02/2026, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica Municipal, que di o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 54 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Antecedentes:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2022, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal (EIM) "Santa Marta" no Casco Vello (expediente 25581/332), así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 27/12/2021 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 21/02/2022 que rexen a licitación, maillo gasto por importe de 1.194.900,40 euros, acordando igualmente a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación do contrato: En relación ao procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal "Santa Marta", a Xunta de Goberno Local en sesión do 19 de maio de 2022 acordou adxudicar á COLEGIO LOS MILAGROS S.L. (B-36.626.109) o procedemento para a xestión da EIM "Santa Marta" no Casco Vello por un prezo total de 1.194.400,60 euros (exento de IVE) cunha porcentaxe de desconto do 10% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3.G das FEC do PCAP e coas seguintes propostas: Incrementar as horas de adicación do servizo de orientación familiar de 10 horas semanais e unha achega de materiais didácticos por importe de 5.000,54 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 03/03/2022 e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos de execución do contrato na cláusula 26:

"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido."

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

"A) PRAZO TOTAL: 4 anos.

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: un ano de duración"

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 10 de xuño de 2022 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria (COLEGIO LOS MILAGROS S.L.), establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que "O prazo do contrato é de catro anos, contado a partir do 16 de xuño de 2022. Está contemplada unha prórroga de un ano." En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 15 de xuño de 2026.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 55 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

5.- Traslado das instalacións. O apartado 12 das FEC do PCAP regula que “As actividades previstas no presente contrato desenvolveranse basicamente na sede da escola infantil municipal (EIM) Santa Marta-Casco Vello, na rúa Santa Marta-Casco Vello no 38 - interior- (36202 Vigo) e, dependendo da evolución da urbanización da parcela e das obras de adecuación en curso do Instituto Municipal de Educación, no Camiño do Chouzo nº 2 - Instituto Municipal de Educación - (36208 Vigo).”.

Unha vez efectuado o traslado das instalacións previsto no parágrafo anterior, en data 06/09/2024 a secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia aproba o inicio de actividade da Escola Infantil Municipal Santa Marta II, situada no Camiño do Chouzo nº2.

6.- Cambio de denominación. En data 25/02/2025, a secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Igualdade aproba modificar os datos inscritos no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), cambiando a denominación da Escola Infantil Municipal Santa Marta II que pasa a ser Escola Infantil Municipal Praza da Industria.

7.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) aprobado para esta contratación establece que “este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. (...)”

En data 3 de febreiro de 2026, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga dun ano para o contrato dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal Santa Marta - Casco Vello (actualmente denominada “Escola Infantil Municipal Praza da Industria”), conforme ao estipulado no mesmo.

8.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal “Praza da Industria” por parte da empresa adxudicataria (Colegio Los Milagros SL) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como nas correspondentes ofertas. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga dun ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 16/06/2026 e o 15/06/2027.

9.- Orzamento: O prezo total do contrato, unha vez aplicada a porcentaxe de desconto do 10% proposta polo contratista, para catro anos quedou comprometido polo importe de 1.075.410,36 euros euros, sendo o prezo máximo por anualidade de 268.852,59 euros para un total de seis aulas (tres en quenda de mañá e tres en quenda de tarde). No entanto, os actuais datos de matriculación na escola se sitúan



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 56 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

en catro aulas (tres en quenda de mañá e unha en quenda de tarde) polo que o prezo anual desta prestación quedaría definido en 232.924,01 euros.

No apartado 3K das Follas de características do contrato do PCAP aprobado para esta contratación indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 232.924,01 euros, exenta de IVE, co seguinte desglose por exercicios orzamentarios: 116.462,00 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 16 de xuño ao 31 de decembro) e 116.462,01 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2027 (do 1 de xaneiro ao 15 de xuño); este gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9906 (Escola Infantil Casco Vello).

10.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previa conformidade da Asesoría Xurídica e informe da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal Santa Marta - Casco Vello (actualmente denominada "Escola Infantil Municipal Praza da Industria") (expte. 25581/332) para o período comprendido entre o 16/06/2026 e o 15/06/2027, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 232.924,01 euros correspondente á prórroga do contrato, a favor de Colegio Los Milagros SL, CIF B-36.626.109. Este gasto imputarase con cargo aos seguintes exercicios da aplicación orzamentaria 3230.227.9906 (Escola Infantil Casco Vello):

- Exercicio orzamentario 2026 (do 16 de xuño ao 31 de decembro): 116.462,00 euros
- Exercicio orzamentario 2027 (do 1 de xaneiro ao 15 de xuño): 116.462,01 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNIÓN A CONCELLEIRA SRA. RODRIGUEZ CALVIÑO.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 57 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

9(108).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2026, PARA O PROGRAMA DO PLAN CORRESPONSABLES PARA DESENVOLVER POLAS ENTIDADES LOCAIS (PROCEDEMENTO SI436A). EXPTE. 14393/224.

Visto o informe de fiscalización de data 16/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/02/2026, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa de Igualdade, a asesora xurídica e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Orde do 22 de xaneiro de 2026, establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións do Plan Corresponsables en Galicia dirixido a entidades locais, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos, e se convocan para o ano 2026. (DOG núm. 28 do 11.02.2026)

O obxecto da convocatoria é a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas, actuacións e medidas para favorecer a conciliación e a xestión dos usos do tempo das familias con menores de ata 16 anos, desde un enfoque de corresponsabilidade entre mulleres e homes, e impulsar o cambio social e cultural cara a modelos de masculinidades corresponsables e igualitarias.

Coa dita finalidade a convocatoria establece (entre outros) o seguinte programa:

a) Programa do Plan Corresponsables para desenvolver polas entidades locais (procedemento SI436A).

O Concello de Vigo, a través do Servizo de Igualdade, ten unha ampla traxectoria desenvolvendo programas e servizos dirixidos a promover a corresponsabilidade e facilitar a conciliación, coa finalidade de traballar a prol da igualdade entre mulleres e homes.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúe aos municipios competencias en: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*.

No uso das competencias que atribúe en materia de igualdade e promoción das mulleres a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril) e por Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025 de modificación da estrutura da administración do Concello de Vigo (BOPPO núm. 186 do 30 de setembro de 2025), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025 de modificación da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os titulares das Concellerías de Área de Goberno (BOPPO núm. 217 do 12 de novembro de 2025),

Vistos os requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valora conveniente presentar á devandita convocatoria o programa que de seguido se indica:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 58 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

a) Programa do Plan Corresponsables para desenvolver polas entidades locais (procedemento SI436A).

Proxecto de prestación de servizos de coidados profesionalizados con garantía de dereitos laborais para facilitar a conciliación de familias con persoas menores a cargo de ata 16 anos e fomento do emprego neste sector profesional nos domicilios. artigo 7º.1.a):

“Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia” (SADI)

Orzamento estimado de gastos de persoal para servizos de coidados profesionalizados para facilitar a conciliación de familias con persoas menores a cargo nos domicilios (gastos directos): 55.000,00 €.

Axuda solicitada: 55.000,00 € (contía máxima da axuda para este programa para solicitudes individuais, conforme establece o punto 1.a do artigo 8º da Orde).

Seguindo instrucións da Secretaría Xeral, envíase o expediente á Intervención Xeral para a súa fiscalización.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta o Servizo de Igualdade por un importe total de 55.000,00 €, en base ao disposto na ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Plan Corresponsables en Galicia dirixido a entidades locais, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos, e se convocan para o ano 2026 (DOG núm. 28 do 11 de febreiro de 2026), para o seguinte programa:

a) Programa do Plan Corresponsables para desenvolver polas entidades locais (procedemento SI436A).

Proxecto de prestación de servizos de coidados profesionalizados con garantía de dereitos laborais para facilitar a conciliación de familias con persoas menores a cargo de ata 16 anos e fomento do emprego neste sector profesional nos domicilios. artigo 7º.1.a):

“Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia” (SADI)

Orzamento estimado de gastos de persoal para servizos de coidados profesionalizados para facilitar a conciliación de familias con persoas menores a cargo nos domicilios (gastos directos): 55.000,00 €.

Axuda solicitada: 55.000,00 € (contía máxima da axuda para este programa para solicitudes individuais, conforme establece o punto 1.a do artigo 8º da Orde).

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da Concillería de Igualdade, a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Dirección Xeral de Promoción da Igualdade para a súa completa realización, aceptando as condicións de financiamento, cumprindo os criterios de valoración recollidos no artigo 17 e demais requisitos establecidos na convocatoria.

3º.- Designar á xefa do Servizo Municipal de Igualdade Dña. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Dirección Xeral de Promoción da Igualdade para os aspectos relacionados coa tramitación do expediente.”

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 59 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(109).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 13 DE XANEIRO 2026, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS E INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2026. EXPTE. 19266/306.

Visto o informe de fiscalización do 13/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Orde do 13 de xaneiro de 2026, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia (DOG 04/02/2026) establece as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR460D).

A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 09/02/2026 ditou orde de inicio de procedemento administrativo para solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia subvención no marco da convocatoria regulada pola citada "Orde do 13 de xaneiro de 2026 (DOG 04/02/2026)

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentación emitiu informe asinado o 09/02/2026 sobre ter rendida a conta xeral do Concello de Vigo de 2024 ao Consello de Contas de Galicia nos prazos legalmente establecidos.

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da concelleira delegada de Medio Ambiente e da concelleira delegada de Área, asina memoria do servizo subvencionada o 11/02/2026.

II.- Características da subvención:

Obxecto da subvención (artigo 1): subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para o financiamento dos gastos que realicen as entidades locais galegas para a prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e/ou instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal no ano 2026.

Financiamento (artigo 2): con cargo aos orzamentos xerais da C.A. de Galicia do ano 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 60 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Entidades Beneficiarias (artigo 3): entidades locais galegas que cumpran os seguintes requisitos:

Ter espazos acuáticos naturais inscritos na sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galicia, adscrito ao órgano directivo competente en materia de saúde pública, ou ter instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal.

Ter remitida a conta xeral da entidade local, correspondente ao exercicio orzamentario de 2024, ao Consello de Contas.

Gastos subvencionables (artigo 4): sinala o apartado 3 deste artigo que:

De prestar o servizo de vixilancia, rescate e salvamento unha empresa externa mediante un contrato de servizos, serán subvencionables os gastos desta contratación, na contía que corresponda exclusivamente aos custos do devandito servizo prestado entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2026. Non se subvencionarán os custos destinados á prestación doutros servizos ou funcións, aínda que formen parte do obxecto do mesmo contrato de servizos.

Contía e intensidade da subvención (artigo 5): sinalan os apartados 3 e 4 deste artigo que:

O importe máximo da subvención asignada a cada entidade local non poderá superar as seguintes porcentaxes sobre os gastos financiados recollidos no orzamento establecido na memoria a que fai referencia o artigo 7 destas bases nin os seguintes importes:

Grupo 1: ata o 75 %, cun importe máximo de 30.000 euros.

Grupo 2: ata o 65 %, cun importe máximo de 17.100 euros.

Grupo 3: ata o 60 %, cun importe máximo de 11.300 euros.

Grupo 4: ata o 50 %, cun importe máximo de 7.500 euros.

4.No caso de que exista crédito suficiente para atender as solicitudes, poderán incrementarse as ditas porcentaxes ou os importes máximos, sen que en ningún caso o importe da subvención poida superar o orzamento das actuacións para as cales se solicita a subvención.

Forma e prazo de presentación de solicitudes (art. 6): Por medios electrónicos a través de formulario normalizado, no prazo dun mes desde a publicación da orde no DOG (04/02/2026).

Por tanto, o prazo de presentación da solicitude remata o 04 de marzo de 2026.

Documentación (artigo 7): a solicitude da subvención precisa, entre outra documentación, conforme ó artigo 7 da citada Orde de 13 de xaneiro de 2026:

“Artigo 7.

Documentación complementaria

1. As entidades locais interesados deberán achegar co anexo I de solicitude, debidamente cuberto, a seguinte documentación:

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 61 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

a) *Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa responsable da secretaria da entidade local solicitante, no modelo do anexo II, na cal se faga constar:*

1) O acordo da entidade local polo cal se solicita a subvención para actuacións concretas que se pretenden desenvolver ao abeiro desta orde e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Este acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes e nel constará expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.

2) A remisión da conta xeral da entidade local ao Consello de Contas de Galicia, correspondente ao exercicio orzamentario de 20234 á cal fai referencia o artigo 3.1.b) desta orde.

No certificado quedará acreditado que esta remisión se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que se consignará a data de envío ao Consello de Contas e non se admitirán aquelas en que non se faga constar esta data de remisión.

b) Unha memoria do servizo que se vai realizar, asinada electronicamente polo alcalde ou pola alcaldesa, en que se detalle o persoal e o orzamento relativo aos custos de persoal de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e/ou instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal ou, de optar pola xestión indirecta do servizo, o orzamento do contrato.

(...)"

Forma de xustificación e pagamento: Na forma sinalada no artigo 16 da Orde.

A data límite para a execución das actuacións subvencionadas é o 30 de setembro de 2026 e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de novembro de 2026.

III.- Memoria do servizo subvencionable.

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da concelleira delegada de Medio Ambiente e da terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, asinan a memoria do servizo subvencionada o 11/02/2026.

Os aspectos mais salientables da memoria do servizo subvencionable son os seguintes:

ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE DO CONCELLO DE VIGO.

O Concello de Vigo cumpre cos requisitos establecidos no artigo 3 da Orde do 13 de xaneiro de 2026 (DOG 04/02/2026) para ser beneficiaria da subvención.

O Concello de Vigo vai prestar os servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos naturais, doce praias, situadas no Concello de Vigo para o período 15 de xuño de 2026 ata o 15 de setembro de 2026 por unha empresa externa, a través dun contrato administrativo de servizos (artigo 4, apartado 3).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 62 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

CONTRATO ADMINISTRATIVO DOS SERVIZOS:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o 2 de maio de 2025, adxudicou á entidade Salvar, Formar y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, o procedemento aberto do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de Vigo (Expediente 18174/306), por un prezo total do contrato de 3.266.275,82 euros, sendo a cota corresponde ó IVE de 566.874,32 euros.

Dito contrato formalizouse en documento administrativo en data 28 de maio de 2025, estando, por tanto, en vigor e en execución.

O prazo de execución do contrato é de catro anos: 2025, 2026, 2027, 2028 (prestación do servizo de 15 de xuño a 15 de setembro de cada ano), sendo o importe de cada anualidade o seguinte:

ANO	IMPORTE ANUAL IVE ENGADIDO (€)	PARTIDA
2025	785.712,17	1720.227.01.00 “vixilancia, socorrismo, asistencia sanitaria e seguridade praias”
2026	810.015,57	
2027	826.641,82	
2028	843.906,26	
PREZO TOTAL DO CONTRATO: 3.266.275,82 euros.		

A Intervención Municipal dispuxo a anotación contable de autorización e disposición de gasto (AD) núm. 12026000002345, por importe de 810.015,57 euros para a anualidade 2026, con cargo a partida 1720.227.01.00 vixilancia praias dos orzamentos vixentes para 2026, a favor de Salvar, Formar y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, para facer fronte os gastos da execución do citado contrato no periodo 15 de xuño a 15 de setembro de 2026.

Por tanto, o prezo do contrato para a prestación dos servizos obxecto do contrato no periodo 15 de xuño a 15 de setembro de 2026, ascende a un total de 810.015,57 (IVE 21% engadido).

ORZAMENTO SUBVENCIONABLE DO SERVIZO DE VIXILANCIA , RESCATE E SALVAMENTO:

O artigo 4.3. da Orde da convocatoria sinala:

"3. De prestar o servizo de vixilancia, rescate e salvamento unha empresa externa mediante un contrato de servizos, serán subvencionables os gastos desta contratación, na contía que corresponda exclusivamente aos custos do devandito servizo prestado entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2026. Non se subvencionarán os

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 63 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

custos destinados á prestación doutros servizos ou funcións, aínda que formen parte do obxecto do mesmo contrato de servizos.”

Tamén, o artigo 7.1.b) da Orde da convocatoria sinala, entre a documentación esixible:

“b) Unha memoria do servizo que se vai realizar, asinada electronicamente polo alcalde ou pola alcaldesa, en que se detalle o persoal e o orzamento relativo aos custos de persoal de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e/ou instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal ou, de optar pola xestión indirecta do servizo, o orzamento do contrato.”

De conformidade co exposto e o antes indicado (apartado III), o Concello de Vigo, Servizo de Medio Ambiente, ten vixente o contrato administrativo de servizos, trámite ordinario e procemento aberto, para a prestación dos “vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do termo municipal de Vigo (trece areas)”, dxudicado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o 2 de maio de 2025, a entidade Salvar, Formar y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, e formalizado en documento administrativo o 28 de maio de 2025, cun prezo para o ano 2026, período 15 de xuño a 15 de setembro de 2026, de 810.015,57, IVE 21% engadido, (Expediente 18174/306),

Os servizos prestaranse este ano 2026, en trece praias do Concello de Vigo: “Rodas (Illas Cíes), Fortiñón, Canido, O Vao, Fontaíña, Samil, Argazada, Tombo do Gato, Santa Baia, Carril, O Adro, A Punta, Mende, no período comprendido do 15 de xuño a 15 de setembro de 2025.

Ditos servizos contratados encadraríanse dentro dos gastos subvencionables de “servizo de vixilancia, rescate e salvamento” que sinala o artigo 4.3. da Orde do 13 de xaneiro de 2026 de convocatoria da subvención.

Por tanto, orzamento subvencionable será o seguinte:

Ano 2026: 15 de xuño a 15 de setembro:

Importe base: 669.434,35

IVE (21%): 140.581,22

Importe total: 810.015,57 €

IV.- Financiamento das actuacións

Segundo a citada memoria de 11/02/2026, o orzamento dos servizos subvencionables de vixilancia, socorrismo, salvamento, que se desenvolven do 15 de xuño ó 15 de setembro de 2026, en 13 praias do Concello de Vigo, será de 669.434,35 euros, máis o IVE do 21% que é de 140.581,22 que fai un total de 810.015,57 €.

O importe máximo da subvención podería acadar o 75% do dito orzamento establecido na memoria, co límite de 30.000 euros por entidade beneficiaria, sen prexuízo de que si existira crédito suficiente para atender as solicitudes, poderá incrementarse a dita porcentaxe, sen





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

que en ningún caso o importe da subvención poida superar o orzamento das actuacións para as que se solicita a subvención (artigo 5 da Orde do 13 de xaneiro de 2026).

Os gastos destas actuacións subvencionables encadraríanse dentro dos previstos para o expediente administrativo 18174/306 de contratación dos “servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (13 areas), adxudicado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o 2 de maio de 2025, a entidade Salvar, Formar y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, e formalizado en documento administrativo o 28 de maio de 2025, cun prezo para o ano 2026, periodo 15 de xuño a 15 de setembro de 2026, de 810.015,57, IVE 21% engadido, (Expediente 18174/306),

A Intervención Municipal dispuxo a anotación contable de autorización e disposición de gasto (AD) núm. 12026000002345, por importe de 810.015,57 euros para a anualidade 2026, con cargo a partida 1720.227.01.00 “vixiancia praias” dos orzamentos vixentes para 2026.

V.- Fundamento xurídicos:

As accións subvencionables encadraríanse dentro das competencias propias da Administración municipal e considérase xustificado o seu interese xeral toda vez que:

O artigo 25.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, regulada da bases de réxime local, sinala que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

Tamén, o apartado 2 do citado precepto establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA., en materias, entre outras, de protección civil e o medio ambiente urbano.

O artigo 110.i) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas indica que lle corresponde á Administración do Estado a elaboración e aprobación das disposicións sobre seguridade humana en lugares de baño e salvamento marítimo.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A Orde de 31 de xullo de 1972 (BOE 02/08/1972) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño, establece no artigo 11 que “corresponde aos Concellos vixiar a observancia nos lugares de baño destas normas xerais e instrucións sobre o mantemento do material de salvamento e demais medidas de seguridade para as vidas humanas”, e nos artigos 6 a 9 sinala os servizos de vixilancia, auxilio e salvamento.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 65 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por tanto, a día de hoxe a seguridade das persoas nas praias é unha competencia atribuída os concello de acordo co artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo e artigo 2.1. e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística ao abeiro da atribución de competencias do alcalde de data 28/06/2024 (BOPPO 09/07/2024), ten atribuído en materia de medio ambiente os servizos de vixilancia, rescate e salvamento nas praias, o que ven realización a través dun contrato administrativo de servizos (expte. 18174/306), nas que se encadrarían as accións subvencionadas.

Asemade, cumprese os requisitos legais e formais esixidos pola Orde do 13 de xaneiro de 2026, da CPXD da Xunta de Galicia (DOG 04/02/2026), para ser beneficiarios da subvención que regula esta Orde.

A competencia para efectuar a solicitude está atribuída ó alcalde ao abeiro do establecido no artigo 124.4. da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Porén, tal atribución delegouna na Xunta de Goberno Local segundo o establecido no apartado Primeiro. 1. da resolución de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023 (BOPPO do 28/06/2023).

Polo exposto, proposta á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia a subvención ao abeiro da Orde do 13 de xaneiro 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrència competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR460D), conforme á memoria xustificativa do servizo subvencionado redactada e asinada dixitalmente polo xefe do Servizo de Medio Ambiente o 11/02/2026, coa conformidade da concelleira delegada de Medio Ambiente e da concelleira delegada de Área, cun orzamento total de 810.015,57€ euros (IVE 21% engadido) e demais documentación obrante no expediente 19266/306, aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na citada Orde.

Segundo.- Facer constar expresamente, como sinala o informe do Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentación do Concello de Vigo asinado dixitalmente o 09/02/2026 e obrante no expediente 19266/306, que a rendición da Conta Xeral correspondente ao ano 2024 do Grupo Concello de Vigo, foi formada, tramitada e enviada ao Órgano de Control Externo (Tribunal de Cuentas de Estado e Consello de Contas de Galicia) nos prazos legalmente previstos no artigo 212 e 223 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Por Resolución de 6 de maio de 2025, D. Abel R. Caballero Alvarez, Alcalde do Excmo. Concello de Vigo, rendeo a Conta Xeral do ano 2024 do grupo Concello de Vigo, ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 16 de maio de 2025, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de xuño de 2025.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 66 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Con data 26 de setembro do 2025, foi enviada ó Consello de Contas de Galicia e o Tribunal de Contas a citada Conta Xeral correspondente ao exercicio 2024.

Comunicación de incidencias, nº entrada do documento do rexistro 250300782 de data 29 de outubro de 2025.

Explicación e corrección das incidencias notificadas.

Nova remisión por incidencias, o 11 de novembro de 2025, foi recibido polo Consello de Contas co número 2025-E-RC-1965.

Terceiro.- A concelleira delegada de Medio Ambiente, Nuria Rodríguez Rodríguez, en virtude da delegación de atribucións do alcalde nos concelleiros de 28/06/2024, BOPPO 09/07/2024, asinará electronicamente os documentos precisos en representación desta Administración municipal para solicitar a dita subvención e, no seu caso, posterior xustificación e solicitude de pagamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(110).- DAR CONTA DAS CANDIDATURAS Á CAMPAÑA BANDEIRAS E SENDEIROS AZUIS 2026. EXPTE. 18279/306.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- ADEAC “Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor”, entidade española sen ánimo de lucro, é cofundadora da FEE “Foundation for Environmental Education”, organización internacional sen ánimo de lucro que agrupa a máis de 74 ONGs; constituíndo a súa rama nacional en España que é responsable do desenvolvemento dos seus programas.

Promove, así, a educación ambiental en España e desenvolve a nivel internacional programas como Bandeira Azul (Blue Flag).

A Bandeira Azul é un galardón anual e un sistema de certificación da calidade ambiental desenvolvido pola FEE desde 1987.

Este galardón promove e premia a participación en iniciativas ambientais voluntarias das autoridades municipais, poboación local, visitantes e os axentes do sector turístico.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 67 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Os criterios para obter o galardón de Bandeira Azul agrúpanse en tres áreas:

- Calidade das augas de baño
- Información e educación ambiental
- Xestión ambiental e seguridade, servizos e instalacións.

A Bandeira Azul é concedida por un xurado internacional, presidido pola FEE e con participación, entre outros, dos axentes de NNUU para o medio ambiente e o turismo, entre as candidaturas seleccionadas polos xurados nacionais.

No xurado nacional para España, presidido por ADEAC, participan as CCAA litorais, a FEMP e os Ministerios, Fundacións e Universidades implicadas.

2.- O Concello de Vigo foi galardoado con doce bandeiras azuis no ano 2025 correspondentes aos doce areais do termo municipal propostos para o galardón: areais da o Mende, a Punta, O Adro, Santa Baia, Carril, Tombo do Gato, Argazada, Fontaíña, O Vao, Canido, Fortiñón e Rodas, e cinco sendas azuis denominadas “Camiño a beiramar”, “Senda de ribera do río Lagares”, “Senda entre Faros” e “Senda do Litoral do Monte de Guía” e “Vía verde de Vigo”.

3.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada do servizo de Medio Ambiente, instou a ADEAC-FEE os galardóns para o ano 2026:

- Candidatura de doce areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2026: areais da o Mende, a Punta, O Adro, Santa Baia, Carril, Tombo do Gato, Argazada, Fontaíña, O Vao, Canido, Fortiñón e Rodas (Illas Cíes).

- Renovacións dos galardóns de cinco Sendeiros Azuis 2026: “Camiño a beiramar”, “Senda de ribera do río Lagares”, “Senda entre Faros” e “Senda do Litoral do Monte de Guía” e “Vía verde de Vigo”.

- Candidatura de nove novos Sendeiros Azuis 2026: “Sendeiro local de Candeán”, “Sendeiro local de Cabral”, “Sendeiro Local Bembrive – Beade”, “Sendeiro Local de Coruxo”, “Sendeiro local de Matamá – Comesaña”, “Sendeiro local de Oia”, “Sendeiro local de Saiáns”, “Sendeiro local de Valadares” e “Sendeiro local de Zamáns”.

Os sendeiros azuis configúranse como roteiros que discorren por zonas de interese ambiental do litoral e praias, onde se pode observar a natureza, fauna e flora, e outros elementos de interese, mesmo do patrimonio cultural ao tempo que contribúen o fomento de hábitos de vida saudables.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 68 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

II.- Fundamentos de dereito

O artigo 25.2., apartados a) b), h), l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CCAA, no “medio ambiente urbano”, “turismo”, “promoción deporte e ocupación do tempo de lecer”, “patrimonio histórico”.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CCAA, manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

O servizo municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do mediante acordo adoptado na sesión do 28/06/2024, competencias en materia medio ambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada.

A protección do medio ambiente, especialmente dos areais, exércese non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da Comunidade Autónoma de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ven desenvolvemento diversos programas de sensibilización e educación ambiental: camiño a camiño, hortas urbanas, sendeiros...

En consideración a estas atribucións, a Concellería de Medio Ambiente ven solicitando todos os anos o galardón de Bandeira Azul para diversas praias da cidade que contan con calidade de auga e de servizos de excelencia segundo criterios esixidos para optar a este galardón, tamén, de Sendeiros Azuis que supón a promoción de sendas vinculadas a praias con bandeiras azul. Ditos galardóns supoñen o compromiso de manter os servizos nas praias e sendas nas condicións

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 69 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

esixidas na convocatoria do galardón e continuar co desenvolvemento de programas medioambientais.

Ditos galardóns solicítanse a través de medios telemáticos, cumprimentando os cuestionarios correspondentes e achegando a documentación solicita nos prazos establecidos.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada do servizo de Medio Ambiente, instou a ADEAC-FEE os seguintes galardóns para o ano 2026:

- Candidatura de doce areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2026: areas da o Mende, a Punta, O Adro, Santa Baia, Carril, Tombo do Gato, Argazada, Fontaíña, O Vao, Canido, Fortiñón e Rodas (Illas Cíes).

- Renovacións dos galardóns de cinco Sendeiros Azuis 2026: “Camiño a beiramar”, “Senda de ribeira do río Lagares”, “Senda entre Faros” e “Senda do Litoral do Monte de Guía” e “Vía verde de Vigo”.

- Candidatura de nove novos Sendeiros Azuis 2026: “Sendeiro local de Candeán”, “Sendeiro local de Cabral”, “Sendeiro Local Bembrive – Beade”, “Sendeiro Local de Coruxo”, “Sendeiro local de Matamá – Comesaña”, “Sendeiro local de Oia”, “Sendeiro local de Saiáns”, “Sendeiro local de Valadares” e “Sendeiro local de Zamáns”.

Ao abeiro da delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno local de data 28/06/2024, esta debe tomar coñecemento das ditas peticións.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Tomar coñecemento e ratificar as solicitudes formuladas polo servizo de Medio Ambiente deste Concello á ADEAC-FEE, a través da súa plataforma telemática, instando os seguintes galardóns en materia medioambiental:

- Candidatura de doce areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2026: areas da o Mende, a Punta, O Adro, Santa Baia, Carril, Tombo do Gato, Argazada, Fontaíña, O Vao, Canido, Fortiñón e Rodas (Illas Cíes).

- Renovacións dos galardóns de cinco Sendeiros Azuis 2026: “Camiño a beiramar”, “Senda de ribeira do río Lagares”, “Senda entre Faros” e “Senda do Litoral do Monte de Guía” e “Vía verde de Vigo”.

- Candidatura de nove novos Sendeiros Azuis 2026: “Sendeiro local de Candeán”, “Sendeiro local de Cabral”, “Sendeiro Local Bembrive – Beade”, “Sendeiro Local de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 70 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

Coruxo”, “Sendeiro local de Matamá – Comesaña”, “Sendeiro local de Oia”, “Sendeiro local de Saiáns”, “Sendeiro local de Valadares” e “Sendeiro local de Zamáns”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(111).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DE UN TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (A1): QUENDA PROMOCIÓN INTERNA, SEGUNDA FASE DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 48169/220.

Visto o informe de fiscalización do 10/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/02/2026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2020, 2021, 2022 (2ª fase da convocatoria (BOPPO 13 de setembro de 2024, núm. 179) incluía unha praza de técnico/a de administración xeral reservada para a quenda de promoción interna.

II.- Segundo consta no expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo referido acordou:

“(…)

PRIMEIRO.- Nomear persoal funcionario na praza de técnico de administración xeral, pola quenda de promoción interna, con cargo unha praza vacante equiparada ao subgrupo A1 de titulación que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público dos anos 2020-2021 e 2022 aos aspirantes que a continuación se relacionan

APELIDOS	NOME	DNI	FASE CONCURSO	FASE OPOSICIÓN	RESULTADO FINAL
OTERO MÁLVAREZ	R. M.	***6573**	5,95	15,375	21,325

O Órgano de selección dispón a publicación do anuncio da proposta de nomeamento á Xunta de Goberno Local, que se remita aos efectos procedentes á web municipal (www.vigo.org) e ao taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.(…)”

III.- Consta dilixencia de constancia da tramitación realizada, segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

IV.- Revisados os datos na aplicación de Ginpix7, constan en data actual as seguintes vacantes do posto 46- técnico/a de administración xeral:

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 71 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- En Patrimonio (240), posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 9- figura vacante en data de sinatura.
- En Desenvolvemento local e emprego (108), posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 14- figura vacante en data de sinatura.
- En Intervención xeral (140), posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 15- figura vacante en data de sinatura.
- En Orzamentación e seguimento (144), posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 23- figura vacante en data de sinatura.
- Na Área de RRHH e Formación (220), posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 24- figura vacante en data de sinatura.
- En Mobilidade, Transporte e Seguridade (210), posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 27- figura vacante en data de sinatura.
- Na Unidade de Apoio ao Órgano Responsable do Sistema Interno de Información (ORSI, 120), posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 28- figura vacante en data de sinatura.
- En Recadación Executiva (545), posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 29- figura vacante en data de sinatura.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación.- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 72 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que "son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente", estableciendo que "en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 73 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

-A promoción interna é unha das manifestacións do dereito á carreira profesional dos empregados públicos recoñecido no artigo 14 c) do citado TREBEP, e desenvolvida nos artigos 16 e seguintes do mesmo texto legal.

O artigo 18 dispón que a promoción interna realizárase mediante os procesos selectivos que garanten o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no 55.2 do mesmo Estatuto.

Igualmente, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, regula a carreira profesional e a promoción interna do persoal funcionario no Capítulo II do seu Título VI.

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2020, 2021, 2022, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionaria de carreira, técnica de administración xeral, con cargo á praza vacante, enmarcada no grupo A, subgrupo A1; escala administración Xeral; incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020 – 2021 - 2022, fase 2ª de Concello de Vigo, á R. M. Otero Málvarez con DNI ***6573**, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 74 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025).- Patricia Rodríguez Calviño

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo á praza vacante ofertada na Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022 (BOPPO 13 de setembro de 2024, núm. 179) de técnico/a administración xeral, enmarcada no Grupo A de titulación, Subgrupo A1; escala, Administración Xeral; subescala, técnica; clase, superior, a: **R. M. Otero Málvarez con DNI ***6573**.**

SEGUNDO.- Dispoñer que a persoa nomeada deberá tomar posesión como funcionaria de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e a Xunta de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 75 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(112).- PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE DIPLOMADO/A EN ENFERMERÍA (INCLUÍDA NA OEP 2021). EXPTE. 45808/220.

Visto o informe de fiscalización do 10/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/01/2026, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 23/12/2020, aprobou a oferta de emprego público municipal para o devandito ano, que foi publicada no BOPPO de data 30/12/2020 (publicada rectificación no mesmo boletín oficial en data 12/03/2021). A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria do día 23/12/2021, aprobou a oferta de emprego público municipal para o devandito ano, que foi publicada no BOPPO de data 29/12/2021. Por acordo da Xunta de Goberno Local de 29/12/2022 (data de publicación oficial no BOPPO do 30/12/2022) foi aprobada a oferta de emprego público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022.

Na oferta de emprego público correspondente ao ano 2021 (BOPPO de data 29/12/2021) incluía unha praza de Diplomado/a en enfermería.

II.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 17/01/2025 aprobáronse a convocatoria e as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (3ª fase) integrada entre outras pola praza seguinte: - Diplomado/a en enfermería -

III.- No BOE nº 123 de 22/05/2025 publicouse a Resolución de 07/05/2025, do Concello de Vigo, referente á convocatoria para prover as prazas incluídas nas ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (3ª fase)

IV.- Dentro do período de presentación de solicitudes, constan as seguintes solicitudes para Diplomado en enfermería.

APELIDOS	NOME	DNI
ROUCO VELASCO	J.	***6787**
MOLINOS JANE	M. C.	***1036**

Ambos/as reúnen os requisitos exixidos na convocatoria.

V.- O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria do día 10 de decembro de 2025, adoptou o seguinte acordo,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 76 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

“PRIMEIRO.- Prestar conformidade ó acordo de data 09.10.2025 (Acta do 19.11.2025) da Comisión Mixta de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal, nos termos que se indican na certificación da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade e secretaria da Comisión Mixta do 21.11.2025.

SEGUNDO.- Traspasar á Comunidade Autónoma de Galicia (SERGAS – Consellería de Sanidade) o servizo que, en materia de asistencia sanitaria, viña realizando ata este momento a Unidade Asistencial de Drogodependencias UAD – CEDRO do Concello de Vigo, co persoal e prazas que se inclúen nos correspondentes Anexos.

TERCEIRO.- Prestar conformidade á cesión ó SERGAS, previa formalización do documento administrativo correspondente, do uso gratuito do inmovible de propiedade municipal situado na rúa Pintor Colmeiro n.º 9 desta cidade (Ref. Catastral n.º 2449616NG2724N0001XB; n.º Inventario 0274), no que se atopan as instalacións da UAD – CEDRO e o inmovilizado material e inmovilizado intanxible existente nelas. A cesión será de vinte anos para os mesmos fins públicos desempañados ata o de agora por esta unidades de drogodependencias. De ser o caso, en tanto non se formalice definitivamente ese documento, o Concello de Vigo comprométese a realizar provisionalmente unha autorización de uso do inmovible.

CUARTO.- Prestar conformidade a subrogación ou sucesión subxectiva no contrato do servizo sanitario asistencial de CEDRO formalizado o 11.02.2025 entre o Concello de Vigo e “EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A.” e con vixencia ata o 28.02.2027 (prórroga en trámite: Exp. n.º 3007/315) e, eventualmente, no contrato dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO, celebrado o 18.10.2023 coa mercantil “SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.”, con vixencia inicial ata o 31.10.2026 (Exp. n.º 2926/315).

QUINTO.- Aprobar os seguintes ANEXOS: Anexo I: PERSOAL A TRASPASAR; Anexo II: POSTOS DE TRABAJO VACANTES A TRASPASAR; Anexo III: BENS INMOBLES NOS QUE SE DESENVOLVE A ACTIVIDADE; Anexo IV: CONTRATOS FORMALIZADOS POLO CONCELLO; Anexo V: INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE.

QUINTO.- Remitir este acordo plenario e os seus Anexos ó SERGAS e á FEGAMP».

VI.- No DOG nº 252 de data 31 de decembro de 2025, publicouse o Decreto de 7/2025, do 29 de decembro, de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas unidades asistenciais de atención a drogodependencias de titularidade municipal existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- As atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir en materia de política social derivan tanto da lexislación de réxime local (Arts. 25.1, 25.2, 26 e concordantes da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local – LRBRL; Arts. 80.2.k) e 81.c) Lei 5/1997 da administración local de Galicia – LALGA), como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais; nomeadamente, na Lei 13/2008, do 3 de decem-

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 77 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

bro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia.

De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A Disposición transitoria primeira da L.14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establecía que “*as corporacións locais que na actualidade dispoñen de servizos e establecementos sanitarios que leven a cabo actuacións que na presente lei se adscriban aos servizos de saúde das comunidades autónomas establecerán, de mutuo acordo cos gobernos das comunidades autónomas, un proceso de transferencias daqueles*” e, en virtude do Decreto 133/1989, do 6 de xullo, creouse a Comisión mixta coas Corporacións locais para o traspaso dos centros, servizos e establecementos sanitarios dependentes destas á CA de Galicia, establecendo a súa composición, funcións e normas de funcionamento.

Así, a Comisión Mixta prevista no citado Decreto adoptou o acordo de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal existentes no territorio desta comunidade, entre as que se inclúe a UAD – CEDRO do Concello de Vigo.

O contido substancial da proposta efectuada pola Comisión Mixta, polo que aquí interesa, pode sintetizarse nos seguintes puntos:

- A Comisión Mixta acordou que se traspasen ó SERGAS os servizos e os medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal existentes en Galicia.
- Quedarían traspasados á Admón. Autonómica galega, e asumidos por esta, os servizos e os medios persoais e materiais que se relacionan no acordo aprobado, así como os dereitos e deberes dimanantes de dito traspaso, nos termos e condicións recollidos naquel.
- Adscribíense ó SERGAS os servizos e os medios persoais e materiais asumidos. A Consellería de Sanidade e o SERGAS exercerán as funcións dimanantes das súas respectivas competencias, en relación ós servizos e medios persoais e materiais traspasados.

Para o Concello de Vigo, o acordo acadado na Comisión Mixta o 09/10/2025, implica:

- O traspaso do persoal funcionario de carreira e laboral fixo pertencente a categorías sanitarias adscrito á UAD – CEDRO así como do que reunindo a mesma condición de fixeza pertenza a categorías de persoal non sanitario, sempre que neste último suposto desenvolva, a xornada completa, as tarefas propias do seu vínculo na UAD (Relación adxunta nº 1). Inclúese tamén o traspaso dos postos de traballo vacantes dotados orzamentariamente, con



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 78 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

determinacións específicas para o persoal suxeito a procesos de estabilización en curso ou en situación de interinaxe.

O Decreto de 7/2025, do 29 de decembro, de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas unidades asistenciais de atención a drogodependencias de titularidade municipal existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no artigo 1:

“Quedan traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, e asumidos por esta, os servizos e os medios persoais e materiais que se relacionan no acordo aprobado, así como os dereitos e deberes dimanantes do dito traspaso, nos termos e condicións recollidos naquel.”

O artigo 4, determina que o traspaso dos servizos obxecto deste acordo e, en particular, os medios persoais e materiais serán efectivos a partir do 1 de xaneiro de 2026.

A indicada transferencia do persoal que inclúe as prazas vacantes dotados orzamentariamente e postos asociados, supón a asunción plena por parte de Administración autonómica das funcións de xestión, provisión e cobertura das prazas de persoal, producíndose a perda sobrevida da competencia materia do Concello de Vigo.

Esta perda sobrevida de competencia, ven determinada polo Decreto 7/2025 anteriormente referido que implica que se traspasen ó SERGAS os servizos e os medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal existentes en Galicia, cunha data de efectos de 01/01/2026.

Elo implica necesariamente a perda de competencia para a tramitación e resolución de procedementos selectivos relativos a ditas categorías profesionais, categoría profesional na que se atopa a praza de Diplomado/a en enfermería incluída na OEP 2021 e convocada por Resolución de data 07/05/2025. En atención ao exposto, procede deixar sen efecto a convocatoria da referida praza.

II.- Devolución de taxas

O artigo 5 da Ordenanza fiscal 10, vixente do Concello de Vigo dispón no seu punto 6 o pago dunha taxa para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal, que varía segundo o grupo a que pertenza a praza.

O artigo 6 da referida Ordenanza establece que *“Os suxeitos pasivos ingresarán o importe desta taxa no momento da solicitude do servizo no Rexistro Xeral. Servirá de xustificante de ingreso a estampación mecánica no escrito de solicitude ou impreso denautoliquidación da taxa.*

Conforme dispón o artigo 2 desta ordenanza, esta taxa devindícase no momento do inicio da prestación do servizo, entendéndose por tal, o momento da presentación da solicitude no Rexistro Xeral. As cotas serán irredutibles agás no suposto da taxa abonada por solicitude para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 79 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Poderá instruírse procedemento de devolución do 50% do importe das taxas sinaladas no epígrafe 9 do artigo 5º desta Ordenanza, á solicitude da persoa excluída no caso de que esta última figurase na relación de excluídos do procedemento de selección."

No presente caso, deixando sen efecto a convocatoria polos motivos expostos no fundamento xurídico anterior, procedería que de oficio e polo órgano competente - Concellería de Orzamentos e Facenda- segundo Decreto de Delegación de competencias de data 19/06/2023, se acorde a devolución de taxa que no seu caso fora aboada a:

APELIDOS	NOME	DNI
ROUCO VELASCO	J.	***6787**
MOLINOS JANE	M. C.	***1036**

III.- Sometemento á preceptiva fiscalización previa da proposta de acordo.

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) dado que, aínda que a presente proposta de aprobación de bases e convocatoria carece de contido económico, resulta susceptible de xenerar obrigas económicas a futuro para o Concello de Vigo, polo cal o presente expediente electrónico deberá ser sometido á fiscalización da Intervención Xeral Municipal.

IV.- Competencia

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias das ofertas de emprego público e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Á vista do exposto, coa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto - en base aos fundamentos indicados en este informe - a convocatoria do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Diplomado/a en Enfermería (incluída na OEP 2021), acordada en Resolución de 07/05/2025 e publicada no BOE nº 123 de 22/05/2005.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 80 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

SEGUNDO.- Notificar a concellería de orzamentos e facenda - órgano competente para a devolución das taxas de dereito de exame - para que no seu caso, proceda á devolución das taxas aboadas polas persoas aspirantes que se relacionan a continuación:

APELIDOS	NOME	DNI
ROUCO VELASCO	J.	***6787**
MOLINOS JANE	M. C.	***1036**

TERCEIRO.- Ordenar a publicación de presente acordo nos mesmo diarios oficiais nos que se publicou a convocatoria para xeral cofecemento.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas indicadas no punto segundo da presente proposta de acordo.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(113).- APROBACIÓN DO TEXTO INICIAL DO CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO, ZONA 5 PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS ENTRE A AVENIDA GRAN VÍA, A RÚA CONDE DE GONDOMAR E A RÚA FERNANDO CONDE. EXPTE. 5362/401.

Visto o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 17/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da técnica de Administración xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Vista a proposta de convenio urbanístico negociado referido na cabeceira, emítese o seguinte informe xurídico con proposta de acordo, para o que resultan relevantes os seguintes,

I. Antecedentes e Feitos

I.I.O Planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2025), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 26.05.2025, na que se aprobou definitivamente o documento nomeado 'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva' datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 08:53	Páxina 81 de 92
2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026	CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

núm.146 do día 04.08.2025 (Exp. 15313/411); por conseguinte, nos termos da normativa de réxime local, desprega a súa eficacia e executividade como instrumento de ordenación integral do municipio e de disposición de carácter xeral de natureza regulamentaria.

I.II. Previa a súa oportuna negociación, en data 11.12.2025 (COD.SOL.: W1407631-251) D. Leandro Álvarez Porto con DNI ***7992** en representación da mercantil “PLAZA DE ESPAÑA, ESTACIÓN DE SERVICIO, SL” con CIF B36621068, domiciliada en Praza de España s/n, presenta no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, a seguinte documentación:

- Instancia/ escrito polo que formula proposta de convenio de execución de planeamento, atendendo ás previsións do documento de revisión do PXOM de Vigo aprobado definitivamente, sobre as parcelas con referencias catastrais 3255201NG2735N0001AK, 3254201NG2735S0001YE, 3254302NG2735S0001LE da súa propiedade, sitas na Praza de España.

- Borrador/ Proposta de Convenio urbanístico de execución de planeamento.

I.III. En data 30.01.2026 a Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, ditou Resolución pola que se dispuxo incoar a tramitación do presente expediente. Da antedita Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria que tivo lugar en data 03.02.2026, en cumprimento das labores de control que estatutariamente ten conferidas.

I.IV. Trala negociación do borrador/proposta do dito convenio, procede neste intre acordar a súa aprobación inicial ao texto de convenio que se incorpora como anexo a presente proposta de acordo, asinado pola representación do Concello de Vigo e pola propiedade actual do solo afectado, D. Leandro Álvarez Porto con DNI ***7992** en representación da mercantil “PLAZA DE ESPAÑA, ESTACIÓN DE SERVICIO, SL” con CIF B36621068, domiciliada en Praza de España s/n.

I.V. O PXOM 2025 establece que a ordenación da Praza de España realizárase por mazás completas, polo que a parcela con referencia catastral 3255501NG2735N0001MK exclúese da presente proposta de convenio, e será obxecto dun convenio independente aos efectos da ordenación da mazá na que se inclúe a mesma; O PXOM clasifica as parcelas afectadas, como solo urbano consolidado (SUC), coa cualificación de uso residencial colectivo, Ordenanza U.4.Edificación aberta.6 “Praza de España”, que regula as determinacións de ordenación, fixándose en todo caso como superficie máxima edificable a especificada nas ordenanzas de referencia. Asemade, reproduce na súa documentación gráfica a correspondente ordenación, sen prexuízo da súa determinación no Estudo de Detalle que se realice con carácter previo as actuacións edificatorias illadas.

II. Fundamentos de Dereito/ Consideracións xurídicas

II.I. Normativa básica aplicable

- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 82 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- Revisión do PXOU/1993, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria do día 26.05.2025. A aprobación definitiva da revisión do PXOU 1993 foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa e ordenanzas, no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 ,
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.II. Efectos e obxecto do Convenio

O artigo 86.1 da LPACAP sinala que, “(...) *as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios o contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevexa a disposición que o regule (...)*”.

A disposicións legais que regulan os Convenios urbanísticos no ámbito autonómico de Galicia son o TRLS/2015, a LSG 2/2016, do 10 de febreiro e o RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro). O artigo 9.8 do TRLS/2015 refírese aos convenios urbanísticos nos seguintes termos, “(...) *Os convenios ou negocios xurídicos que o promotor da actuación celebre coa Administración correspondente, non poderán establecer obrigacións ou prestacións adicionais mais gravosas que as que procedan legalmente en prexuízo dos propietarios afectados. A cláusula que conteña estas regras será nula de pleno dereito (...)*”.

Na mesma liña a LSG 2/2016 no artigo 165 establece que, “(...) *Os órganos pertencentes ás Administracións Públicas poderán celebrar, sempre no ámbito das súas respectivas competencias, convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas, ao obxecto de colaborar e desenvolver de maneira mais eficaz a actividade urbanística (...)*”.

O artigo 398.3. b) do RLSG indica que os convenios urbanísticos poden ter o obxectivo de establecer os termos e as condicións da xestión e a execución do planeamento en vigor no momento da celebración do convenio.

Finalmente, o artigo 400.1 do RLSG, seguindo o sinalado no artigo 167 da LSG, sinala, “(...) *Os convenios urbanísticos para a execución do planeamento son aqueles que, non afectando á ordenación urbanística, se limiten á determinación dos termos e condicións da xestión e a execución do planeamento. Afectan única e exclusivamente ás partes que os subscriben e non vinculan a resolución que eventualmente corresponda adoptar respecto dos instrumentos de xestión ou execución. Do cumprimento destes convenios non poderá derivarse en caso algún, modificación, alteración ou dispensa do planeamento (...)*”.

II.III. Da normativa exposta se desprende que o Convenio negociado con D. Leandro Álvarez Porto con DNI ***7992** en representación da mercantil “PLAZA DE ESPAÑA, ESTACIÓN DE SERVICIO, SL” con CIF B36621068, é para a consecución dun fin común como é a execución do planeamento; conforme o artigo 165 da LSG ten como finalidade desenvolver eficazmente a actividade urbanística o facilitar a reali-

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 83 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

zación dunha obra de edificación e adquisición polo Concello de novos espazos públicos urbanizados e á implantación das previsións de utilidade pública contempladas no vixente PXOM 2025.

Do contido do Convenio non se advirte contravención do ordenamento xurídico, artigo 86.1 LPAC; non se observa reserva de dispensación ou trato singular de favor, artigo 167 LSG, nin obrigacións ou prestacións adicionais mais gravosas que as que legalmente proceden, artigo 9.8 TRLS.

Por todo o anterior, ás técnicas que subscriben a presente proposta, validan a proposta do convenio de execución de planeamento, ao constituír a canle axeitada para regular o réxime xurídico da actuación, supondo un adecuado medio de eficiencia e xestión para acadar a finalidade pretendida; poren, terá que axustarse ás esixencias procedimentais e substantivas establecidas polo ordenamento xurídico, as canles haberán de ser cumprimentadas, obviamente, tamén nas actuacións administrativas posteriores dirixidas a súa plena materialización,

II.IV. Procedemento

O RLSG adica os artigos 401, 402 e 403 á formalización, perfeccionamento e publicidade dos convenios urbanísticos.

II.V. Órgano competente

De conformidade coa normativa vixente, o texto da proposta de convenio negociada que se xunta como Anexo á presente, deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia de Urbanismo.

Por canto antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia Municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto de texto inicial, que figura como Anexo a esta proposta, co seguinte título:

PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO. ZONA 5. PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS NA PRAZA DE ESPAÑA, ENTRE A AVENIDA GRAN VÍA, CONDE DE GONDOMAR E A RÚA FERNANDO CONDE.

SEGUNDO: Facultar á Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda para a sinatura do Convenio; da súa subscrición se dará conta individualizada ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO: Asinado o Convenio, someterase ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período dun mes. O anuncio indicará o lugar ou punto de acceso electrónico a un enderezo en que se poida consultar o seu contido íntegro; no anuncio constará a identidade das partes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 84 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO, ZONA 5. PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS NA PRAZA DE ESPAÑA, ENTRE A AVENIDA GRAN VÍA, CONDE DE GONDOMAR E A RÚA FERNANDO CONDE.

Na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, a [...] de [...] 2026

REUNIDOS

Dunha parte, DONA María José Caride Estévez, Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo (Resolución do Alcalde de data 04.07.2023 ;BOPPO Núm. 136 do día 14.07.2023)

Da outra, DON Leandro Álvarez Porto, maior de idade, veciño de Vigo (Pontevedra) con DNI nº 36.079.992F, en nome e representación de "PLAZA DE ESPAÑA ESTACIÓN DE SERVICIO, SL", con NIF nº B36621068, e domicilio aos presentes efectos en Praza de España s/n- Gasolineira, 36203 Vigo.

As partes, na condición na que interveñen, se recoñecen a capacidade necesaria para a formalización do presente convenio urbanístico de execución de planeamento que se tramitará de conformidade co disposto nos artigos 165 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante, "LSG"), e os artigos 398 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG (en diante, "RLSG")

INTERVEÑEN

A primeira na súa condición de Concelleira delegada da área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo,(Resolución do Alcalde con data do 04.07.2023 ;BOPPO Núm. 136 do día 14.07.2023)

O segundo en nome e representación de PLAZA DE ESPAÑA ESTACIÓN DE SERVICIO, SL, con NIF nº B36621068, e domicilio en Praza de España s/n, Vigo, na súa condición de administrador solidario, constituída por tempo indefinido mediante escritura autorizada o 26 de febreiro de 1981 polo notario que foi desta cidade Don José Luis Espinosa Anta, co número 395 do seu protocolo, inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, ao folio 79 do libro 284 de sociedades, inscrición 1ª da Folla número 4-036. Foi transformada en sociedade limitada, en escritura autorizada en data 23 de xullo de 2007 ante o notario de Vigo, D. Miguel Lucas Sánchez, co número 1649 do seu protocolo.

E, como mellor en dereito proceda,

EXPOÑEN

I. Que son conscientes de que o Concello de Vigo, no documento de Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente polo Concello de Vigo en sesión do pleno celebrada o 26 de maio de 2025, considera a Praza de España e a súa contorna inmediata como un elemento de singular importancia na estrutura urbana da Cidade, tanto desde o punto de vista do papel que xoga como peza de transición entre as diferentes tramas que caracterizan os bordes do Monte do Castro e a súa relación con espazos emerxentes como a nova Cidade da Xustiza, sendo un elemento de recepción da cidade e de espazo central do eixo Urzaiz-Samil.

II. Que a entidade mercantil PLAZA DE ESPAÑA ESTACIÓN DE SERVICIO, SL, é propietaria en pleno dominio das seguintes fincas emprazadas na Praza de España de Vigo:

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 85 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

1. Urbana-.

Inscripción rexistral: FINCA DE VIGO Nº 11548, Rexistro da propiedade número cinco de Vigo, Tomo 950, folio 20

Referencia catastral: 3255201NG2735N0001AK

Cargas: Libre de cargas, gravames e arrendatarios.

2. Urbana-.

Inscripción rexistral: FINCA DE VIGO Nº 14373

Referencia catastral: 3254201NG2735S0001YE

Cargas: Libre de cargas, gravames e arrendatarios.

3. Urbana-.

Inscripción rexistral: FINCA DE VIGO Nº 16115, Rexistro da propiedade núm. 5 de Vigo, Tomo 297, sección 1ª, folio 232

Referencia catastral: 3254302NG2735S0001LE

Cargas: Libre de cargas, gravames e arrendatarios.

III. Que as parcelas descritas no expositivo anterior se emprazan na Praza de España e polo seu grado de urbanización efectiva reúnen a condición de solo urbano consolidado recollida no art. 17 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Dado o carácter emblemático desta praza, o novo PXOM aprobado definitivamente pretende a obtención dos sistemas locais previstos con destino a zonas verdes, viario rodado e beirarrúas peonís que liberen ao anel central da mesma e que contribúan á permeabilidade visual da contorna desde a "Cidade da Xustiza", así como completar o trazado dos viais que conforman este anel.

IV. Que por iso, o documento de Revisión do PXOM aprobado definitivamente, xa en vigor, clasifica as parcelas identificadas no expositivo II como solo urbano consolidado (SUC) coa cualificación de ordenanza U4. Edificación aberta, 6. "Praza de España" que regula as determinacións de ordenación (fixándose en todo caso como superficie máxima edificable a especificada nas ordenanzas de referencia).

Asemade, reproduce na súa documentación gráfica a correspondente ordenación, sen prexuízo da súa determinación no Estudo de Detalle que deba realizarse con carácter previo as actuación edificatorias illadas.

Se incorporan como anexos, plano de ordenación SUC04 5-G, e a Ordenanza U4. Edificación Aberta PXOM aprobado definitivamente.

V.- Que o Concello de Vigo no ámbito das súas competencias, ao amparo do artigo 165 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, pode celebrar convenios urbanísticos con particulares, coa finalidade de colaborar e desenvolver de maneira máis eficaz a actividade urbanística.

VI.- Que en atención ao exposto, de conformidade cos compromisos xa adquiridos coa Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo e asegurando unha inmediata actuación urbanística eficaz na consecución duns obxectivos de evidente interese xeral dada a súa posición central na Cidade e pola súa incidencia na mellora do espazo público, a funcionalidade urbana e a calidade ambiental, a súa adecuación á normativa urbanística de aplicación, ao ordenamento xurídico, e ao principio de boa administración, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación a revisión do PXOM, os comparecentes acordan a formulación dun CONVENIO URBANISTICO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN, conforme os seguintes



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 86 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

COMPROMISOS

PRIMEIRO-. Clasificación e cualificación urbanística

Constatado o cumprimento dos requisitos legalmente requiridos, o PXOM aprobado definitivamente clasifica as parcelas identificada no expositivo II como solo urbano consolidado (SUC) coa cualificación de uso residencial colectivo, determinacións contidas no antecedente IV do presente documento obrigacional.

O comparecente obrígase a presentar ante o Concello, no prazo máximo de tres meses a computar desde a aprobación deste Convenio, un Estudo de Detalle referido ao seu ámbito, para a ordenación exacta dos volumes resultantes da actuación.

SEGUNDO-. Cesións de solo convidas.

O propietario comprométese a ceder gratuitamente ao Concello de Vigo as superficies necesarias procedentes das parcelas das que é propietario para destinalas a sistemas locais establecidos na ordenación urbanística deste ámbito, unha vez aprobado definitivamente o preceptivo Estudio de detalle.

O emprazamento e contía das superficies de cesión será, en calquera caso, a que resulte da documentación do Estudio de Detalle a redactar que resulte aprobado definitivamente.

Ditas cesións, en cada caso e de maneira individualizada, formalizaranse polo propietario no prazo máximo de 1 mes a contar desde a notificación por parte do Concello de Vigo da concesión da correspondente licenza de obra e, en todo caso, antes do outorgamento da escritura de declaración de obra nova da futura edificación. Esta formalización das cesións requiridas levarase a cabo mediante a subscrición da correspondente acta de entrega e recepción a subscribir polo propietario e o Concello de Vigo.

TERCEIRO-.Obras complementarias de urbanización

A propiedade se compromete a redactar, tramitar e executar a súa costa o Estudio de Detalle necesario e o proxecto de obras complementarias da edificación para a execución do vial ao que dan fronte as tres parcelas. Dito proxecto debe tramitarse de conformidade cos parámetros de medidas, materiais, acabados, axardinamento e urbanización que se determinen, con carácter xeral, para todo o ámbito da praza de España pola Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.

Todos os custes de redacción e tramitación do referido proxecto, e de execución de vial serán satisfeitos, integramente, pola propiedade e no seu caso, en proporción a edificabilidade que sobre o conxunto corresponde a cada unha das parcelas incluídas neste ámbito.

Unha vez redactado, aprobado e asinado o convenio urbanístico de xestión cuxa redacción e subscrición neste intre se propón, o propietario da manzá poderá instar a redacción e tramitación do Estudio de Detalle e do proxecto de obras complementarias de vial, así como a súa execución.

CUARTO-. Transmisión.

O Propietario resérvase a facultade de ceder ou transmitir as parcelas do expositivo II deste Convenio a favor das persoas físicas ou xurídicas que libremente designe, mantendo este Convenio toda a súa forza e vixencia.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 87 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

QUINTO-.Cooperación dos asinantes.

Os asinantes, conscientes da importancia desta actuación, e co obxecto de alcanzar os obxectivos perseguidos, manifestan o seu propósito de cooperar nas actuacións para realizar no ámbito das súas respectivas competencias, en beneficio da inmediata execución da ordenación desta importante peza urbana da cidade de Vigo.

SEXTO-. Transmisións de dereitos incluídos no ámbito.

O propietario actual dos terreos afectados, obrígase a incluír as obrigacións derivadas do presente Convenio nos títulos de propiedade ou de calquera negocio xurídico que puidesen outorgarse e/ou celebrarse tendo par obxecto, total ou parcial, as parcelas incluídas no devandito ámbito e á súa aceptación expresa en cantos documentos, públicos e/ou privados se outorgasen.

SÉTIMO-. Formalización do pertinente convenio urbanístico de Xestión.

Forma parte integrante deste compromiso e do réxime de reciprocidade acordado polos asinantes, a ordenación detallada do PXOM 2025.

OITAVO-. Perda da efectividade do compromiso

Sen prexuízo do resto de causas legais que puidesen proceder para a extinción deste compromiso, o mesmo quedará sen efecto pola modificación por calquera causa, da ordenación recollida na aprobación definitiva da Revisión do PXOM aprobada definitivamente na sesión plenaria do 26 de maio de 2025.

E en proba de conformidade con canto antecede, asínano os comparecentes no lugar e data indicados no encabezamento.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Resolución de recurso de alzada interposto no proceso selectivo para a provisión de 7 prazas de condutor/a bombeiro/a en quenda libre, Oferta Emprego Público 2020, 2021 e 2022. Expte. 45411/220.
- .- Aprobación da solicitude de subvención ao abeiro da Orde de 26 de decembro de 2025, para a promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero (procedemento SI435A). Expte. 14392/224.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 88 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

15(114).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE 7 PRAZAS DE CONDUTOR/A BOMBEIRO/A EN QUENDA LIBRE, OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2020,2021 e 2022. Expte. 45411/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/02/2026, asinado polo presidente e a secretaria do órgano de selección do referido proceso selectivo.

Omítese a publicación dos antecedentes e as consideracións xurídicas deste acordo en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Transcríbese de seguido a parte dispositiva:

Primeiro.- Estimar o recurso de alza interposto polo aspirante D. Miguel Lago Barciela (**4547**) contra acordo do órgano de selección de data 18/11/2025 desestimatorio de reclamación contra resultado do quinto exercicio (probas psicotécnicas), en base ás consideracións xurídicas expostas.

Segundo.- Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións dispostos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 89 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

16(115).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DE DO 26 DE DECEMBRO DE 2025, PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO (PROCEDEMENTO SI435A). EXPTE. 14392/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 18/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/02/2026, asinado polo axente de Igualdade de oportunidades, a xefa de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Orde do 26 de decembro de 2025, establece as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 – 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 22 do 3 de febreiro de 2026).

O obxecto da convocatoria é a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actuacións de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero, dirixidas a mulleres que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou estean nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación persoal, social, laboral e profesional.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúe aos municipios competencias en: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*.

No uso das competencias que atribúe en materia de igualdade e promoción das mulleres a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril) e por Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025 de modificación da estrutura da administración do Concello de Vigo (BOPPO núm. 186 do 30 de setembro de 2025), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025 de modificación da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os titulares das Concellerías de Área de Goberno (BOPPO núm. 217 do 12 de novembro de 2025),

Vistos os requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valora conveniente presentar á devandita convocatoria o programa que de seguido se indica:

a) Programa de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero (SI435A). Atención, orientación e acompañamento para a mellora da situación persoal, social e laboral



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 90 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2033/1102

das mulleres vítimas de explotación sexual laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas (artigo 6º.1.b):

“Programa de preparación integral para facilitar a inserción sociolaboral de mulleres en situación de vulnerabilidade que se atopen en risco de prostitución, ou nunha situación de prostitución ou de explotación sexual.”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 10.340,00 €.

Axuda solicitada: 11.374,00 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 6º.4 da Orde da convocatoria, corresponde a gastos indirectos, co límite da contía máxima da axuda establecida no artigo 6º.6 da Orde da convocatoria para solicitudes individuais).

Seguindo instrucións da Secretaría Xeral, envíase o expediente á Intervención Xeral para a súa fiscalización.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta o Servizo de Igualdade por un importe total de 11.374,00 €, en base ao disposto na Orde do 26 de decembro de 2025 da Consellería de Política Social e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 – 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 22 do 3 de febreiro de 2026), para o seguinte programa:

a) Programa de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero (SI435A). Atención, orientación e acompañamento para a mellora da situación persoal, social e laboral das mulleres vítimas de explotación sexual laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas (artigo 6º.1.b):

“Programa de preparación integral para facilitar a inserción sociolaboral de mulleres en situación de vulnerabilidade que se atopen en risco de prostitución, ou nunha situación de prostitución ou de explotación sexual.”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 10.340,00 €.

Axuda solicitada: 11.374,00 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 6º.4 da Orde da convocatoria, corresponde a gastos indirectos, co límite da contía máxima da axuda establecida no artigo 6º.6 da Orde da convocatoria para solicitudes individuais).

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da Concillería de Igualdade, a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Unión Europea e pola Consellería de Política Social e Igualdade para a súa completa realización, aceptando as condicións de financiamento, cumprindo cos criterios de valoración recollidos no artigo 17 e demais requisitos establecidos na convocatoria.

S.ord.20/02/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 91 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3º.- Designar á xefa do Servizo Municipal de Igualdade Dña. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Dirección Xeral de Promoción da Igualdade para os aspectos relacionados coa tramitación do expediente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(116).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/03/2026 08:53

Páxina 92 de 92

2033-1102 Aprobado por XGL 27/02/2026

CSV: AEB6AH-3EB385-ED833C-7WC6KD-FNZDPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>